

BORRADOR ORDENANZA MARCO REGULADORA DA XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

1.	CONTEXTUALIZACIÓN: POTESTADE REGULAMENTARIA DAS ENTIDADES LOCAIS.....	4
2.	CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS A TRAVÉS DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS. O PAPEL DAS ENTIDADES LOCAIS NO IMPULSO DA COMPOSTAXE.....	4
	ORDENANZA MARCO REGULADORA DA XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS	8
	EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	8
	TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS NO ÁMBITO DOS RESIDUOS	13
	Artigo 1. Obxecto e ámbito da prestación do servizo	13
	Artigo 2. Normativa aplicable	14
	Artigo 3. Definicións	15
	Artigo 4. Marco competencial das entidades locais	21
	Artigo 5. Responsabilidade do servizo.....	21
	Artigo 6. Obrigas das persoas usuarias do servizo	22
	Artigo 7. Abandono de residuos e actuacións non permitidas	23
	Artigo 8. Axentes autorizados para a recollida de residuos	24
	Artigo 9. Financiamento dos servizos de recollida e tratamento de residuos	24
	TÍTULO II. SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS	24
	CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA	24
	Artigo 10. Actuacións incluídas no servizo de recollida	24
	Artigo 11. Modalidades do servizo de recollida	25
	Artigo 12. Información sobre a separación e a recollida de residuos	26
	Artigo 13. Sensibilización, educación e información sobre a separación e recollida de residuos	26
	Artigo 14. Contedores, medios e instalacións	27
	Artigo 15. Regras específicas para os residuos xerados como consecuencia das actividades económicas	27
	CAPÍTULO 2. DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE A RECOLLIDA DOS DISTINTOS RESIDUOS	28
	Sección 1ª. Recollida separada dos residuos de competencia municipal mediante contedores e sistemas porta a porta	28

Artigo 16. Disposicións xerais	28
Artigo 17. Recollida separada dos residuos de envases lixeiros	29
Artigo 18. Recollida separada de residuos de papel e cartón, incluídos os envases destes materiais.....	30
Artigo 19. Recollida separada de residuos de envases de vidro	30
Artigo 20. Recollida separada dos biorresiduos.....	31
Artigo 21. Recollida de residuos non incluídos nas fraccións selectivas (fracción resto)	31
Sección 2ª. Recollida separada de residuos especiais.....	31
Artigo 22. Recollida separada de medicamentos e dos seus envases.....	31
Artigo 23. Recollida separada dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos	32
Artigo 24. Recollida separada de residuos de pilas e acumuladores.....	32
Artigo 25. Recollida separada dos aceites de cociña usados	32
Artigo 26. Recollida separada de residuos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparación domiciliaria.....	33
Artigo 27. Recollida de animais domésticos mortos	33
Artigo 28. Recollida de residuos voluminosos, de mobles, colchóns e outros útiles de competencia municipal	34
Artigo 29. Recollida de residuos vexetais de competencia municipal xerado nas actividades de sega, poda e outras actividades de xardinería	34
Artigo 30. Recollida de vehículos abandonados	35
Artigo 31. Recollida separada dos residuos téxtiles (roupa, zapatos usados e outros téxtiles do fogar)	35
Artigo 32. Residuos de orixe doméstica con características perigosas.....	36
Artigo 33. Residuos comerciais, industriais e doutros servizos asimilables a domésticos	36
Artigo 34. Separación en orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos	36
Sección 3ª. Puntos limpos fixos e móbiles	37
Artigo 35. Obxectivos.....	37
Artigo 36. Residuos admisibles nos puntos limpos	37
Artigo 37. Residuos NON admisibles nos puntos limpos.....	38
Artigo 38. Usuarios dos puntos limpos.....	39
Artigo 39. Cantidades máximas admisibles de residuos (orientativo)	39

Artigo 40. Puntos limpos m3viles.....	40
T3TULO III. REGULACI3N DO R3XIME XUR3DICO E XESTI3N DA COMPOSTAXE LOCAL DOS BIORRESIDUOS.....	40
CAP3TULO 1. Disposici3ns xerais.....	41
Artigo 41: Obxectivo	41
Artigo 42: 3mbito de aplicaci3n	42
Artigo 43: Normativa aplicable aos biorresiduos.....	42
Artigo 44: Terminolox3a utilizada	44
CAP3TULO 2. Compostaxe restrinxida ou individual	45
Artigo 45. Instalaci3n dos composteiros	45
Artigo 46. Obrigas das persoas participantes na compostaxe individual	45
CAP3TULO 3. Compostaxe comunitaria.....	46
Artigo 47. Instalaci3n dos centros de compostaxe comunitaria (CCC).....	46
Artigo 48. Obrigas das persoas participantes na compostaxe comunitaria	46
Artigo 49. Obrigas do Concello	47
T3TULO IV : RESPONSABILIDADE E R3XIME SANCIONADOR.....	47
Artigo 50. Responsabilidade.....	47
Artigo 51. Vixilancia e inspecci3n.....	48
Artigo 52. Deber de colaboraci3n.....	48
Artigo 53. Infracci3ns	49
Artigo 54. Infracci3ns leves.....	49
Artigo 55. Infracci3ns graves	50
Artigo 56. Infracci3ns moi graves.....	51
Artigo 57. Sancions.....	52
Artigo 58. Obrigaci3n de repo3er.....	53
Artigo 59. Multas coercitivas	53
Artigo 60. Prescripci3n de infracci3ns e sancions.....	53
ANEXO 1 : LISTAXE ILUSTRATIVA, NON EXHAUSTIVA, DO QUE DEPOSITAR EN CADA UNHA DAS FRACCI3NS DE RESIDUOS.....	54
ANEXO 2 : ACTUACI3NS M3NIMAS DE MANTEMENTO NOS CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA	56

1. **CONTEXTUALIZACIÓN: POTESTADE REGULAMENTARIA DAS ENTIDADES LOCAIS.**
Os municipios exercen a potestade normativa no ámbito das súas competencias a través das ordenanzas ou regulamentos locais xa que teñen atribuída esta capacidade no artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que establece que "na súa calidade de Administracións Públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias corresponde en todo caso aos municipios a potestade regulamentaria e de autorganización". Así mesmo o Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dispón no seu artigo 55 que, na esfera das súas competencias, as entidades locais poderán ditar ordenanzas.

As competencias xerais atribuídas aos concellos aparecen reguladas na LRBRL, concretamente no capítulo III (artigos 25 a 27). No caso concreto de competencias relativas á xestión de residuos, o artigo 25 da citada norma establece que o municipio exercerá en todo caso como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, en materia de medio ambiente urbano, en particular: parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, luminosa e atmosférica nas zonas urbanas.

Pola súa banda, o artigo 26.1 da LRBRL preceptúa que os municipios deberán prestar, en todo caso, o servizo de recollida de residuos.

Para completar estas competencias xenéricas, e atendendo á regulación específica en materia de residuos, tanto a lexislación estatal básica como a autonómica neste eido Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia) outórganlle aos concellos as competencias de xestión dos residuos municipais.

2. **CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS A TRAVÉS DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS. O PAPEL DAS ENTIDADES LOCAIS NO IMPULSO DA COMPOSTAXE**

A Directiva comunitaria 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de novembro de 2008 (Directiva marco de residuos), introduce un novo marco xurídico na Unión Europea para a xestión dos residuos e proporciona os instrumentos precisos para romper o vínculo cíclico existente entre o crecemento económico e a xeración de residuos, facendo especial fincapé na prevención, entendida como o conxunto de medidas

adoptadas antes de que un produto se converta en residuo, para reducir tanto a cantidade e contido en substancias perigosas coma os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente dos residuos xerados.

Para acadar este ambicioso obxectivo, a directiva marco incorpora o principio de xerarquía na produción e xestión de residuos, que se centrará, por esta orde: na prevención, na preparación para a reutilización, na reciclaxe ou noutras formas de valorización, incluída a valorización enerxética.

Deste xeito preténdese que o conxunto da Unión Europea se converta nunha “sociedade da reciclaxe” para contribuír á loita contra o cambio climático e optimizar a xestión dos residuos para que esta sexa sostible, tanto a nivel económico como medioambiental. Considerando que no contexto da sociedade actual, debido á recuperación económica tras a crise, a produción de residuos se atopa en continuo aumento e que a actividade económica vinculada aos residuos alcanza cada vez maior importancia, tanto pola súa envergadura como pola súa repercusión directa na sustentabilidade do modelo económico europeo.

Ademais de establecer o marco normativo básico en materia de xestión de residuos, a Directiva 2008/98/CE, reforzando a importancia do tratamento *in situ* dos biorresiduos xerados nos fogares, introduce, a través dunha modificación operada en maio do 2018, unha esixencia concreta en materia de xestión dos biorresiduos e do emprego da compostaxe. Concretamente, a nova redacción do artigo 22 recolle o seguinte :

“Os Estados membros garantirán que, como moi tarde o 31 de decembro de 2023 e sempre que se cumpra o artigo 10, apartados 2 e 3, os biorresiduos, ben se separen e reciclen en orixe, ou ben se recollan de forma separada e non se mesturen con outros tipos de residuos.
(...)”

2. Os Estados membros adoptarán medidas, conforme os artigos 4 e 13, para:

- a) incentivar a reciclaxe, incluído a compostaxe e a dixestión, dos biorresiduos dunha forma que asegure un elevado nivel de protección ambiental e xere un resultado que cumpra as normas de alta calidade pertinentes;
- b) incentivar a compostaxe doméstica; e
- c) fomentar o uso de materiais producidos a partir de biorresiduos (...).”

Con respecto ao ámbito estatal, a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular establece que as entidades locais deberán establecer recollidas separadas de, alo menos:

- a. os biorresiduos de orixe doméstico antes do 30 de xuño de 2022, para os municipios con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes e para o resto de municipios, antes do 31 de decembro de 2023.
- b. Os residuos téxtiles, os aceites de cociña usados, os residuos domésticos perigosos e residuos voluminosos (residuos de mobles e outros útiles), antes do 31 de decembro de 2024.
- c. Así como outros residuos que se poidan determinar regulamentariamente.

Tamén están obrigados a separar en orixe e recoller por separado os residuos comerciais e industriais non xestionados polas entidades locais no mesmo prazo para as fraccións de residuos mencionadas no parágrafo anterior; a excepción dos aceites de cociña usados e biorresiduos que sexan xestionados pola propia entidade local ou por axentes autorizados, que deberán iniciar esta separación e recollida separada antes do 30 de xuño de 2022.

Así mesmo, entre os modelos que implanten as entidades locais para a recollida das fraccións mencionadas, deberán dar prioridade a modelos de recollida eficientes como o porta a porta ou o uso de contedores pechados ou intelixentes que garantan os cocientes de recollida similares.

No caso dos biorresiduos, o porcentaxe máximo de impropios permitido na recollida desta fracción será do 20% desde 2022 e do 15% a partir do 2027. A superación destes porcentaxes terá carácter de infracción administrativa e será obxecto de sanción polas comunidades autónomas.

En canto a obriga do cumprimento de información, as entidades locais no seu ámbito competencial, deberán subministrar ás comunidades autónomas os seguintes detalles:

- Modelos de recollida implantados,
- Instrumentos de xestión cos que contan,
- Cantidades de residuos recollidos e tratados, indicando o destino de cada fracción,
- Documentación que acredite a xestión dos residuos comerciais non perigosos cando estes non sexan xestionados pola entidade local.

Igualmente, poderán:

- Elaborar estratexias de economía circular, programas de prevención e, naquelas entidades locais cunha poboación de dereito inferior a 5.000 habitantes, programas de xestión dos residuos da súa competencia.
- Xestionar os residuos comerciais non perigosos, nos termos que establezan as súas ordenanzas, sen prexuízo de que os produtores destes residuos poidan xestionalos por se mesmos. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión, poderán impoñer, de maneira motivada e baseándose en criterios de maior

eficiencia e eficacia en termos económicos e ambientais na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria destes residuos neste sistema.

- Obrigar ao produtor ou outro posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos con características que dificulten a súa xestión, a través das ordenanza, a que adopten medidas para eliminar ou reducir ditas características ou a que os depositen na forma e lugar adecuados.
- Dotarse dos medios humanos e materiais suficientes para dar cumprimento as obrigas , entre outras, relativas a autorización, vixilancia, inspección, sanción e información.

A recollida de envases compostables en conxunto cos biorresiduos terá a consideración de recollida separada.

ORDENANZA MARCO REGULADORA DA XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DOS RESIDUOS URBANOS XERADOS NO **CONCELLO DE XXXXXXX**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de recollida e tratamento de residuos municipais é unha das principais competencias atribuídas aos municipios na Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e está directamente relacionado co dereito da cidadanía a gozar dun medio limpo e nas mellores condicións de salubridade posibles.

Coa promulgación da Directiva comunitaria 2008/98/CE (Directiva marco de residuos) estableceuse un novo escenario xurídico no ámbito da Unión Europea para a xestión dos residuos, incorporando o principio de xerarquía na súa produción e xestión, no que se dá prioridade, por esta orde, á prevención fronte á preparación para a reutilización, reciclaxe ou outras formas de valorización (incluída a enerxética) e, en último lugar, a eliminación.

Outra innovación da directiva marco é a inclusión dun precepto no que se permite aos Estados membros a adopción de medidas para impulsar a recollida separada de biorresiduos con vistas á compostaxe ou á dixestión e o seu tratamento para acadar os maiores índices de protección do medio así como o uso dos materiais resultantes da xestión e tratamento dos biorresiduos que resultan ambientalmente seguros.

Por outra banda, o 30 de maio de 2018 aprobáronse na Unión Europea unha serie de directivas que revisan, entre outras, a Directiva marco de residuos, a Directiva de envases, a Directiva de vehículos ao final da súa vida útil, a Directiva de pilas e acumuladores e a Directiva sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos. Estas integran o “paquete de residuos” do Plan de acción da Comisión Europea para a economía circular, cuxo obxectivo principal é a mellora da xestión de residuos no ámbito comunitario, poñendo énfase especial na xestión dos residuos municipais, co obxecto esencial de “pechar o círculo” do ciclo de vida dos produtos a través de máis prevención e dun maior reciclado e preparación para a reutilización dos residuos, de xeito que se garanta o emprego prudente, eficiente e racional dos recursos naturais, co beneficio engadido de fomentar así o aforro enerxético e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Atendendo ao ámbito normativo estatal, a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, na mesma a liña descrita na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, actualmente derogada, define o concepto de compost elaborado a partir do tratamento de biorresiduos como: *"material orgánico hixienizado e estabilizado obtido a partir do tratamento controlado biolóxico aerobio e termófilo de residuos biodegradables recollidos separadamente. Non se considerará compost o material bioestabilizado."*

Así mesmo, no artigo 12 da mencionada lei, sinalase como competencia propia das entidades locais a recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos na forma que establezan as súas ordenanzas de conformidade coas normas e instrumentos de planificación existentes e deben dispoñer dunha rede de recollida suficiente que inclúa puntos limpos ou puntos de entrega alternativos para a retirada gratuíta de residuos.

Neste senso a Lei 7/2022 define os residuos domésticos como os residuos perigosos e non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas así como os similares aos anteriores, en composición e cantidade, xerados nos servizos e industrias que non se produzan como consecuencia da súa propia actividade, incluíndo tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, de aparatos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, colchóns e outros útiles, así como os residuos e refugallos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliar, e establece que se inclúan nesa categoría os residuos procedentes de limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

O artigo 26 establece os obxectivos de preparación para a reutilización, reciclaxe e valorización que as autoridades competentes deberán alcanzar para avanzar ata unha economía circular e lograr un alto nivel de eficiencia dos recursos. Neste marco, deberán adoptar as medidas necesarias a través dos planes e programas de xestión de residuos, que garantan que:

1. A cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados a preparación para a reutilización e reciclaxe para as fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos ou outras fraccións reciclables alcancen, en conxunto, como mínimo polo 50% en peso.
2. A cantidade de residuos non perigosos de construción e demolición destinados a preparación para a reutilización, o reciclado e outras valorizacións de materiais, incluídas as operacións de recheo (excluídos os residuos da categoría 170504), alcancen como mínimo o 70% en peso dos producidos.
3. Para 2025, se incrementará a preparación para a reutilización e reciclaxe dos residuos municipais ata un mínimo do 55% en peso; deles un 5% en peso corresponderá a preparación para a reutilización, fundamentalmente dos residuos téxtiles, residuos de

aparellos eléctricos e electrónicos, mobles e outros residuos susceptibles de ser preparados para a reutilización.

4. Para 2030, se incrementará a preparación para a reutilización e reciclaxe dos residuos municipais ata un mínimo do 60% en peso; deles un 10% en peso corresponderá a preparación para a reutilización, fundamentalmente dos residuos téxtiles, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, mobles e outros residuos susceptibles de ser preparados para a reutilización.
5. Para 2035, se incrementará a preparación para a reutilización e reciclaxe dos residuos municipais ata un mínimo do 65% en peso; deles un 15% en peso corresponderá a preparación para a reutilización, fundamentalmente dos residuos téxtiles, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, mobles e outros residuos susceptibles de ser preparados para a reutilización.

Para 2035, a porcentaxe de residuos municipais recollidos separadamente será como mínimo do 50% en peso do total dos residuos municipais xerados.

E en concreto para as botellas de plástico (art. 59) mencionados no apartado E do anexo IV, podendo incluír outros envases e residuos de envases, establécense os seguintes obxectivos, co obxecto de destinalas ao seu reciclado:

- A mais tardar en 2023, o 70% en peso respecto ao introducido no mercado;
- A mais tardar en 2025, o 77% en peso respecto ao introducido no mercado;
- A mais tardar en 2027, o 85% en peso respecto ao introducido no mercado;
- A mais tardar en 2029, o 90% en peso respecto ao introducido no mercado;

No caso de que non se cumpran a nivel nacional os obxectivos fixados en 2023 ou no 2027, implantarase en todo o territorio no prazo de dous anos un sistema de depósito, devolución e retorno para estes envases, que garanta o cumprimento dos obxectivos en 2025 e 2029, de conformidade co que estableza a normativa regramentaria de envases e residuos de envases.

O artigo 28 imponse ás entidades locais a obriga de adoptar medidas para a separación e o reciclaxe en orixe dos biorresiduos mediante a compostaxe doméstica e comunitaria, en especial as entidades locais con poboación inferior a 1.000 habitantes, ou a recollida separada e posterior transporte e tratamento en instalacións específicas de reciclaxe, priorizando a compostaxe e dixestións anaerobia ou combinación de ambas; non debendo mesturar estes residuos o longo do tratamento con outros diferentes os permitidos no Regulamento UE nº 2019/1009 do Parlamento Europeo e do consello, de 5 de xuño de 2019, polo que se establecen disposicións relativas a posta a disposición no mercado de produtos fertilizantes UE.

Co obxecto de incentivar a compostaxe doméstica e comunitaria se estableceran, regulamentariamente, as condicións nas que estes tratamentos estarán exentos de autorización e definiranse os requisitos de información necesarios para calcular a súa contribución aos obxectivos de preparación para a reutilización e reciclaxe.

As autoridades competentes deberán promover o uso do compost e do dixerido no sector agrícola, xardinería ou rexeneración de espazos degradados en substitución doutras emendas orgánicas, contribuíndo ao aforro de fertilizantes minerais, dando prioridade na medida do posible ao uso do compost fronte ao do dixerido.

O Real Decreto 1055/2022 de envases e residuos de envases ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable aos envases e residuos de envases, co obxectivo de previr e reducir o seu impacto no medio ambiente ó longo de todo o seu ciclo de vida.

Os obxectivos de prevención indicados neste RD son:

- Reducir (respecto aos residuos xerados en 2010) o peso dos **residuos de envases**, como mínimo nun 13% en 2025, e nun 15% en 2030.
- Que todos os envases postos no mercado sexan reciclables en 2030 e, sempre que sexa posible, reutilizables.

Este RD indica que as administracións públicas, como medidas de prevención, e no ámbito das súas competencias, deberán:

- Previa consulta cos axentes económicos, adoptar medidas relativas ó deseño, fabricación, distribución, comercialización e consumo de envases.
- Fomentar o consumo de auga potable (fontes, uso de envases reutilizables, etc.). Nos centros sanitarios poderase comercializar envases dun só uso.
- Todas as medidas deberán respectar os requisitos do artigo 12.1. "*os envases deberán deseñarse de maneira que ó longo do seu ciclo de vida se reduza o seu impacto ambiental e a xeración de residuos...asegurando a súa valorización e eliminación unha vez convertidos en residuos se que afecten ó medio ambiente e á saúde humana, conforme á xerarquía de residuos*".

En canto aos obxectivos de reutilización, a proporción de envases reutilizables, respecto ó total de envases, en peso, debe ser:

- Canal doméstico: 5% en 2030 e 10% en 2035.
- Comerciais e industriais: 20% en 2030 e 30% en 2035.

Os obxectivos de reciclado e valorización serán os seguintes:

- O obxectivo de reciclaxe e valorización, en peso, de todos os residuos de envases é do 65% como mínimo para o 2025, e do 70% para 2030 (art. 10 do RD).

- Maximizar a recuperación dos residuos de envases da fracción resto e outras fraccións de residuos mesturados, sempre que sexa viable técnica, económica e ambientalmente).
- Alcanzar os obxectivos de recollida separada das botellas de plástico dun só uso de ata 3 litros, definidos no art. 59.1 da lei 7/2022, respecto ás introducidas no mercado: 70% no 2023, 77% no 2025, 85% no 2027 e 90% no 2029.
- As Comunidades Autónomas deberán cumprir como mínimo estes obxectivos nos envases xerados no seu territorio.

Como medida para a promoción de reciclado de residuos de envases, débese garantir a recollida separada por materiais, polo menos, para papel, plástico, madeira, metais ferrosos, aluminio, vidro e papel-cartón.

Poderanse recoller conxuntamente (art. 25.7 Lei 7/2022) o plástico, metais, e outros tipos de residuos que conteñan estes materiais sempre que se garanta a separación posterior, e non represente unha perda de calidade dos materiais e incremento de custe. Pódense engadir os residuos de envases de madeira. Non se considera recollida separada os recollidos na fracción resto ou na fracción inorgánica do sistema húmido-seco, salvo as sinaladas no art. 25.6 da lei 7/2022.

Terá a consideración de recollida separada os residuos de envases compostables que se recollan conxuntamente cos biorresiduos.

Deberá garantirse a recollida separada dos residuos de envases perigosos de competencia local, na forma e lugar que diten as súas ordenanzas, antes do 31 de decembro de 2024.

Establécese a obriga de recoller separadamente un 65% de envases domésticos en para o 2025, un 75% para 2030, e un 85% para 2035.

Os produtores de envases domésticos estarán obrigados a financiar a xestión dos seus residuos e a organización da xestión parcial ou total, cando así o decidan as entidades locais. Os produtores poden optar polo cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada, a través de sistemas colectivos e constituír unha asociación ou entidade con personalidade xurídica sen ánimo de lucro (SRAP).

Os SRAP están obrigados a alcanzar, como mínimo, os obxectivos fixados no art.10 (obxectivos de reciclaxe e valorización dos residuos de envases), respecto ós produtos postos no mercado, tanto a nivel estatal como autonómico.

Para garantir a consecución destes obxectivos, os sistemas deberán garantir unha recollida separada global en peso de tódolos residuos de envases domésticos, do 65% no 2025, 75% no 2030 e 85% no 2035, así como cumprir o obxectivo específico de cada material, cando sexa superior ao obxectivo global (art.10).

Corresponde ás EELL a organización total da xestión dos residuos de envases domésticos salvo que establezan nos convenios cos SRAP a organización total ou parcial por parte dos sistemas (art. 32.1).

Fíxanse tamén obxectivos de recollida separada para residuos de envases comerciais: recollida separada do 75% para o ano 2027, do 85% para 2030, e do 95% para 2035.

No ámbito autonómico a norma de referencia é a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, elaborada con base ao artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía que lle outorga a competencia exclusiva para a aprobación de normas adicionais para a protección do medio ambiente e da paisaxe, e que segue a mesma liña conceptual da modificación introducida na Directiva marco de residuos en maio de 2018.

Na elaboración desta ordenanza seguíronse as liñas estratéxicas recollidas tanto na normativa comunitaria, estatal e autonómica, coma no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG), que establece as bases para impulsar a xestión de residuos urbanos en Galicia cara a un novo escenario máis sostible acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa, dándolle especial importancia á prevención e á valorización e no que se recollen os obxectivos cualitativos e cuantitativos, especialmente en prevención, e no despregamento da recollida selectiva da fracción orgánica e no incremento do resto de recollidas.

A elaboración desta ordenanza local pretende a adaptación da regulación municipal ao novo contexto normativo consonte a toda a regulación en materia de residuos municipais, proporcionando ao Concello os instrumentos precisos que permitan acadar os obxectivos establecidos a nivel comunitario, estatal e autonómico.

Para acadar estes obxectivos, o Concello pretende involucrar a veciñanza na consecución dunha xestión sostible dos residuos xerados no municipio, introducindo no ámbito territorial das súas competencias a obrigatoriedade da recollida separada das diferentes fraccións de residuos urbanos e o tratamento a través da compostaxe dos biorresiduos para a elaboración de compost evitando así a súa entrada nos circuitos de tratamento convencionais, proporcionando para iso os medios precisos.

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS NO ÁMBITO DOS RESIDUOS

Artigo 1. Obxecto e ámbito da prestación do servizo

1.O obxecto desta ordenanza é regular as condicións en que o Concello prestará e as persoas usuarias utilizarán os servizos municipais destinados á recollida, transporte e tratamento dos residuos de competencia municipal, co obxecto de, en primeiro lugar, evitar a súa xeración e, cando non for posible, facilite, nesta orde, a súa preparación para a

reutilización, reciclado, e outras formas de valorización material ou enerxética, de forma que se reduza a súa disposición en vertedoiros e así conseguir o mellor resultado ambiental global.

2. Esta ordenanza non é de aplicación aos residuos que non sexan de competencia municipal segundo o recollido na lexislación estatal e autonómica de aplicación.

3. No exercicio das competencias municipais, esta ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debendo en todo momento interpretarse e aplicarse de acordo coa citada lexislación.

4. Todas as persoas físicas ou xurídicas que depositen residuos nos medios, instalacións ou servizos habilitados para o efecto no termo municipal do Concello están obrigadas a cumprir o disposto nesta ordenanza e nas normas que se diten para a súa interpretación ou desenvolvemento.

Artigo 2. Normativa aplicable

O réxime xurídico aplicable ás actividades e condutas reguladas nesta ordenanza estará constituído polo previsto na mesma, na lexislación estatal e autonómica aplicable na materia, e na normativa europea de aplicación directa, particularmente nas seguintes disposicións e nas súas correspondentes normas en desenrolo ou aplicación:

- Decisión 2014/955/UE, da Comisión, de 18 de decembro de 2014, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE, sobre a lista de residuos, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Decisión de execución (UE) 2019/1885 da Comisión, de 6 de novembro de 2019, pola que se establecen normas relativas ao cálculo, a verificación e a comunicación de datos relativos ao vertido de residuos municipais de acordo con la Directiva 1999/31/CE do Consello.
- Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Real Decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases e residuos de envases.
- Real Decreto 265/2021, de 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.
- Real Decreto 553/2020, de 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo el que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros.
- Real Decreto 293/2018, de 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.
- Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (segundo as modificacións introducidas mediante o Real Decreto 27/2021, de 19 de xaneiro).

- Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos (segundo as modificacións introducidas mediante o Real Decreto 710/2015, de 24 de xullo, o Real Decreto 943/2010, de 23 de xullo e o Real Decreto 27/2021, de 19 de xaneiro).
- Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Real Decreto 1619/2005, de 30 de decembro, sobre la xestión de pneumáticos fora de uso (segundo as modificacións introducidas mediante o Real Decreto 731/2020, de 4 de agosto).

Artigo 3. Definicións

Para os efectos desta ordenanza, entenderase por:

1. **Aceite de cociña usado:** residuo de graxas de orixe vexetal e animal que se xera tras ser utilizado no cociñado de alimentos no ámbito doméstico, centros e institucións, hostaleira, restauración e análogos. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
2. **Animais domésticos:** calquera animal pertencente ás especies normalmente alimentadas e mantidas, mais non consumidas, polos seres humanos con fins distintos á gandería.
3. **Aparello eléctrico e electrónico (AEE):** aparello que precisa para funcionar corrente eléctrica ou campos electromagnéticos, destinado a ser utilizado cunha tensión nominal non superior a 1.000 V en corrente alterna e 1.500 V en corrente continua, e os aparellos necesarios para xerar, transmitir e medir tales correntes e campos. (Real decreto 110/2015 sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos).
4. **Biorresiduos:** residuo biodegradable vexetal dos fogares, xardíns, parques e do sector servizos, así como residuos alimentarios e de cociña procedentes dos fogares, oficinas, restaurantes, venta a o por maior, comedores, servizos de restauración colectiva e establecementos de venda retalista, entre outros, e residuos comparables procedentes de plantas de transformación de alimentos. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
5. **Compost:** material orgánico hixienizado e estabilizado obtido a partir do tratamento controlado biolóxico aerobio e termófilo de residuos biodegradables recollidos separadamente. Non se considerará compost o material bioestabilizado (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
6. **Compostaxe:** proceso controlado de transformación biolóxica, aerobia e termófila de materiais orgánicos biodegradables que dá lugar aos tipos de esterco ou emendas orgánicas de diferentes características. (Real decreto 506/2013 sobre produtos fertilizantes).
7. **Compostaxe comunitaria:** xestión dos residuos domésticos de carácter orgánico biodegradable producidos nos fogares, restaurantes, servizos de restauración

colectiva ou establecementos de venda retalista nunha instalación común creada para o efecto, co fin de obter un recurso para a súa aplicación como fertilizante ou substrato de cultivo. (Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia).

8. **Compostaxe doméstica:** xestión dos propios residuos de carácter orgánico biodegradable producidos nos fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva ou establecementos de venda retalista e que se realiza individualmente para a utilización particular do compost resultante. (Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia).
9. **Composteiro:** recipiente en que se deposita a materia orgánica para obter emendas orgánicas.
10. **Envase:** todo produto fabricado con materiais de calquera natureza e que se utilice para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar mercancías, dende materias primas ata artigos acabados, en calquera fase da cadea de fabricación, distribución e consumo. Consideraranse tamén envases todos os artigos desbotables utilizados con ese mesmo fin.

Dentro de este concepto inclúense os envases de venta ou primarios, os envases colectivos ou secundarios, e os envases de transporte ou terciarios.

Consideraranse envases os artigos que se axusten á definición mencionada anteriormente sen prexuízo de outras funcións que o envase tamén poida desempeñar, salvo que o artigo forme parte integrante de un produto ou sexa necesario para conter, sustentar ou preservar dito produto durante toda a súa vida útil, e todos os seus elementos estean destinados a ser utilizados, consumidos ou eliminados conxuntamente.

Tamén se considerarán envases os artigos deseñados e destinados a ser enchidos no punto de venta e os artigos desbotables vendidos cheos ou deseñados e destinados ao enchido no unto de venta, coa condición de que desempeñen a función de envase.

Os elementos do envase e elementos auxiliares integrados nel consideraranse parte do envase ao que van unidos; os elementos auxiliares directamente colgados do produto ou atados a el, e que desempeñen a función de envase, consideraranse envases, salvo que formen parte integrante do produto e todos os seus elementos estean destinados a ser consumidos ou eliminados conxuntamente.

11. **Establecemento comercial:** locais ou puntos de venda fixos onde se exerzan regularmente actividades comerciais de venda de produtos, por xunto ou polo miúdo, ou de prestación ao público de servizos de tal natureza. Así como calquera outro recinto acoutado que reciba esta cualificación en virtude da disposición legal ou regulamentaria.
12. **Establecemento comercial de carácter colectivo:** está integrado por un conxunto de locais ou puntos de venda instalados no interior dun mesmo recinto, parque ou

edificación, que conta cunha única licenza de comercialización, inda que cada un dos locais ou puntos de venda exercen a súa respectiva actividade de forma independente.

13. **Estruturante:** biorresiduos de orixe vexetal, preferentemente leñosos, triturados a un determinado tamaño, que, mesturados co resto de biorresiduos en proporcións axeitadas, permite a circulación do aire a través da mestura, evita a súa compactidade, aporta carbono e regula a humidade.
14. **Evento público:** enténdese como tal as seguintes actividades:
 - a. **Espectáculo público:** evento que reúne a un público que asiste para presenciar unha representación, actuación, exhibición ou proxección que ofrezca unha compañía, artista ou intérprete que interveñan no seu nome.
 - b. **Actividade recreativa e deportiva:** a que reúne un público que asiste para participar na actividade ou recibir os servizos ofrecidos pola empresa con fins de ocio, entretemento, diversión, deporte e actividade física.
 - c. **Actividade sociocultural:** aquela susceptible de xuntar ou concentrar un grupo de persoas coa finalidade de participar en actividades sociais e culturais. Exclúense as de carácter político ou reivindicativo tales como manifestacións, mitins políticos ou similares.
15. **Prevención:** conxunto de medidas adoptadas na fase de concepción e deseño, de produción, de distribución e de consumo dunha substancia, material ou produto, para reducir:
 - A cantidade de residuo, mesmo mediante a reutilización dos produtos ou o alongamento da vida útil dos produtos;
 - Os impactos adversos sobre o ambiente e a saúde humana dos residuos xerados, incluíndo o aforro no uso de materiais ou enerxía;
 - O contido de substancias perigosas en materiais e produto. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
16. **Produtor singular de residuos:** considerárase produtor singular de residuos aquel que, por mor da súa actividade comercial, xere máis de **200 litros** de residuos en masa por día. Quedan excluídos os domicilios particulares.
17. **Punto limpo:** instalación autorizada de recollida separada e almacenaxe temporal de residuos de competencia municipal que, polo seu gran volume ou perigo, deben ser depositados en instalacións específicas (Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia).
18. **Punto verde:** zona pública acondicionada para depositar restos de fracción vexetal que serán utilizados, preferentemente, como estruturante en procesos de compostaxe.
19. **Reciclado:** toda operación de valorización mediante a cal os materiais de residuos son transformados de novo en produtos, materiais ou substancias, tanto se é coa

finalidade orixinal como con calquera outra finalidade. Inclúe a transformación do material orgánico, pero non a valorización enerxética nin a transformación en materiais que se vaian utilizar como combustibles ou para operacións de recheo. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

20. **Recollida:** operación consistente na provisión, clasificación e almacenamento inicial de residuos, de xeito profesional, co obxecto de transportalos posteriormente a unha instalación de tratamento. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
21. **Recollida porta a porta:** sistema de recollida selectiva de residuos municipais fundamentada na entrega separada das distintas fraccións dos residuos en orixe mediante bolsas, cubos, fardos ou outros elementos similares depositados na vía pública ou lugares establecidos polo Concello, cun calendario preestablecido e sobre as que se poderá efectuar un pequeno control de calidade.
22. **Recollida separada:** a recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo e natureza, para facilitar un tratamento específico. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
23. **Residuos:** calquera substancia que o seu posuidor rexeite ou teña a intención ou a obriga de rexeitar. (Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados).
24. **Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE):** todos os aparellos eléctricos e electrónicos que pasan a ser residuos de acordo coa definición que consta no artigo 2.a) da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Esta definición comprende todos aqueles compoñentes, subconxuntos e consumibles que forman parte do produto no momento en que se desbota. (Real Decreto 110/2015 sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos).
25. **Residuos comerciais:** residuos xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
26. **Residuos de construción e demolición:** residuos xerados polas actividades de construción e demolición (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular). esta definición comprende calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor rexeite ou teña a intención ou a obriga de rexeitar e que se xere nunha obra de construción ou demolición. (Real decreto 105/2008 que regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición).
27. **Residuos domésticos:** residuos perigosos e non perigosos ~~es~~ xerados nos fogares, como consecuencia das actividades domésticas. Tamén se considerarán domésticos os similares en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias que non se xeren como consecuencia da propia veñan da actividade do servizo ou industria.

Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparatos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, colchóns e outros útiles, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

Terán a consideración de residuos domésticos, os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

28. Residuos industriais: residuos resultantes dos procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

29. Residuos municipais:

- a. Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada de orixe doméstica, incluídos papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos os colchóns e os mobles.
- b. Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, cando eses residuos foren similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.
- c. Os residuos municipais non comprenden os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de saneamento e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil? nin os residuos de construción e demolición. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

30. Residuos perigosos: residuo que presenta unha ou varias das características perigosas enumeradas no anexo I, da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e aquel que sexa cualificado como residuos perigoso polo Goberno de conformidade co establecido na normativa da Unión Europea ou nos convenios internacionais dos que España sexa parte. Tamén se comprenden nesta definición os recipientes e envases que conteñan restos de substancias ou preparados perigosos ou estean contaminados por eles, agás que se demostre que non presentan ningunha das características de perigosidade enumeradas no anexo I. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

31. Residuos sanitarios de competencia municipal: residuos xerados no exercicio das actividades médicas ou sanitarias que non esixan requisitos específicos de recollida

ou xestión, sen ningún tipo de contaminación específica nin risco de infección nin no interior nin no exterior dos centros en que se xeran, así como todos aqueles residuos xerados no exercicio das actividades médicas ou sanitarias que presenten características similares aos residuos xerados nos fogares como consecuencia da actividade doméstica. Están compostos por papel, cartón, metais, vidro, restos de comida, residuos de xardinería, mobiliario e outros útiles, así como outros tipos de residuos que normalmente se xeran en estancias ou áreas dun centro sanitario ou consulta médica onde non se realizan actividades propiamente sanitarias, tales como oficinas, comedores, cafetería, almacéns, salas de espera e similares.

32. **Residuos voluminosos:** aqueles residuos de competencia municipal que presenten características especiais de volume, peso ou tamaño que dificulten a súa recollida a través do sistema de recollida ordinaria.
33. **Restos de poda:** fracción vexetal en forma de restos vexetais de xardinería e poda de maior tamaño e de tipo leñoso. Polas súas características, require unha xestión específica por cuestións relacionadas coa loxística de recollida, o tratamento e a temporalidade de xeración.
34. **Reutilización:** calquera operación mediante a cal produtos ou compoñentes de produtos que non sexan residuos se utilizan de novo coa mesma finalidade para a que foron concibidos. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
35. **Tratamento:** as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior á valorización ou eliminación. (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
36. **Valorización:** calquera operación cuxo resultado principal sexa que o residuo sirva a unha finalidade útil ao substituír a outros materiais, que doutro xeito se utilizaría para cumprir unha función particular, ou que o residuo sexa preparado para cumprir esa función na instalación ou na economía en xeral. A anexo II da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, recóllese unha lista non exhaustiva de operacións de valorización.
37. **Xestión de residuos:** a recollida, o transporte a valorización e a eliminación de residuos, incluída a clasificación e outras operacións previas, así como a vixilancia destas operacións, e o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros, incluídas as accións realizadas en calidade de negociante ou axente. . (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).
38. **Xestor/a de residuos:** persoa física ou xurídica ou entidade, pública ou privada, rexistrada mediante comunicación ou autorización que realice calquera das operacións que compoñen a xestión de residuos, sexa ou non o produtor dos mesmos quen os produza. . (Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular). (Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados).

Para os conceptos non definidos expresamente neste artigo consideraranse as definicións incluídas na seguinte normativa ou equivalente que a actualice ou substitúa:

- a. Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- b. Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- c. Real Decreto 1055/2022, de 27 de diciembre, de envases y residuos de envases.
- d. Real decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.
- e. Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- f. Real decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.
- g. Real decreto 20/2017, de 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.
- h. Real decreto 293/2018, de 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.
- i. Ordenanza reguladora da compostaxe local para os biorresiduos municipais do Plan Revitaliza (BOPPO núm. 21 do 30 de xaneiro de 2019).

Artigo 4. Marco competencial das entidades locais

O Concello prestará como servizo obrigatorio a recollida dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos así como os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, de animais domésticos mortos e dos vehículos abandonados, do xeito no que se estableza nesta ordenanza e de acordo co establecido na normativa estatal e autonómica sobre residuos e sobre réxime local.

O Concello poderá xestionar, se así o decide mediante os instrumentos de desenvolvemento habilitados de acordo coa normativa de réxime local, os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias, sen prexuízo de que os produtores destes residuos poidan xestionalos por si mesmos de acordo ao previsto no artigo 20 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Artigo 5. Responsabilidade do servizo

1. Correspóndelle ao Concello a prestación do servizo de recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos, na forma establecida nesta ordenanza e nos seus instrumentos de desenvolvemento, no marco xurídico do establecido na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, na Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia ou

lexislación que as substitúa así como na normativa sectorial en materia de residuos que afecte ao contido da mesma.

2. No caso dos residuos domésticos con características de perigosidade ou de residuos con características especiais que dificultan a súa xestión ou poidan producir trastornos no transporte, recollida, valorización ou eliminación, o Concello poderá impoñerlles aos seus posuidores algunha das seguintes obrigas:

- a. Que adopten medidas para eliminar ou reducir tales características.
- b. Que os depositen na forma e lugar que especificamente se decida.
- c. Que a recollida se faga previa solicitude da persoa usuaria, no réxime de recollida especial regulado no artigo 11 desta ordenanza.
- d. Que os xestionen por si mesmos á marxe do sistema de recollida municipal, mediante a entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado, salvo que tales residuos se xeren nos fogares.

3. Naquelas situacións consideradas de emerxencia ou de forza maior nas que non sexa posible prestar o servizo de recollida con normalidade e previa constatación, declaración e comunicación por parte do Concello, o servizo poderá ser alterado ou suspendido temporalmente; nestes casos, as persoas usuarias deberán absterse de depositar os residuos ata o momento en que se normalice o servizo ou ata que se ditén as instrucións oportunas. En ningún caso a aplicación destas excepcións dará dereito a indemnizacións ou redución do importe que as persoas usuarias aboan pola prestación do servizo.

4. As persoas usuarias, produtoras ou posuidoras de residuos estarán obrigadas a prestar a máxima colaboración posible co persoal designado polo Concello para a súa xestión ou supervisión, permitindo realizar todos os exames, inspeccións, controis, toma de mostras e recollida de información, así como calquera outra actuación que se estime necesaria, para a adecuada xestión dos residuos no termo municipal.

5. Os produtores e posuidores iniciais de residuos domésticos e comerciais de competencia municipal son responsables de entregalos para a súa correcta xestión. A súa responsabilidade conclúe cando os entreguen nos termos previstos nesta ordenanza e no resto de normativa aplicable.

6. Correspóndelle ao Concello o exercicio da potestade de vixilancia e inspección do cumprimento do disposto nesta ordenanza e a potestade sancionadora consonte ao establecido nela e no ámbito das súas competencias.

Artigo 6. Obrigas das persoas usuarias do servizo

1. Os produtores de residuos que sexan usuarios do servizo regulado nesta ordenanza están obrigados a:

- a. Reducir o volume dos residuos e depositalos de tal xeito que se aproveite a capacidade das bolsas e contedores.
 - b. Separar correctamente as distintas fraccións de residuos en orixe e depositalas nos contedores ou puntos de recollida establecidos para o efecto de acordo coas disposicións previstas nesta ordenanza.
 - c. De ser o caso, sacar os contedores, cubos ou bolsas á vía pública para a súa recollida municipal no horario e lugares establecidos polo Concello¹.
 - d. Depositar os residuos e desperdicios xerados na vía pública ou en espazos públicos nas papeleiras ou nos colectores habilitados para o efecto. De non existir, deberán depositalos nos contedores ou lugares habilitados máis próximos, segundo o seu tipo e natureza.
2. A cidadanía comunicará ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados na vía pública ou demais espazos públicos, como vehículos abandonados, mobles, animais mortos, residuos de construción e demolición etc.
3. Os produtores ou posuidores de residuos comerciais non perigosos non cubertos polo servizo de recollida de residuos municipais son responsables da súa correcta xestión e, a tal fin, deberán:
- a. Manter os citados residuos en condicións adecuadas de hixiene e seguridade mentres estean non seu poder; almacenalos en condicións adecuadas durante un período non superior a 2 anos para os residuos destinados a valorización e 1 ano para residuos destinados a eliminación.
 - b. Entregalos en condicións adecuadas de separación por fraccións a xestores autorizados de residuos ou a un recolledor rexistrado que garanta a súa entrega a un xestor autorizado, de acordo co que dispoña a normativa aplicable.
 - c. Dispor da documentación acreditativa da correcta recollida e xestión dos residuos.
 - d. No caso de incumprimento polo produtor ou posuidor das obrigas de xestión de residuos comerciais non perigosos, o Concello poderá asumir subsidiariamente a xestión e repercutirlles os custos reais.

Artigo 7. Abandono de residuos e actuacións non permitidas

1. Non está permitido:

- a. O abandono, vertedura ou eliminación de residuos na vía pública ou calquera lugar do termo municipal, mesturar residuos que dificulten a súa xestión ou depositalos de forma distinta ás condicións establecidas nesta ordenanza ou no disposto na normativa sectorial en materia de residuos.

¹ Cada administración local deberá incluír os horarios para cada zona, tanto para o inverno como o verán, e para cada unha das diferentes fraccións que se recollan por modelo. Estes horarios poderán ser modificados mediante resolución da Alcaldía ou do órgano competente e comunicaranse convenientemente ás persoas usuarias.

- b. Depositar, en lugares distintos aos das papeleiras instaladas para o efecto en espazos públicos, residuos de pequeno volume tales como papeis, envoltorios ou similares así como incluír na mesma bolsa residuos para os que está dispoñible un servizo específico de recollida.
 - c. Manipular, verter, arrancar ou desprazar contedores, papeleiras ou calquera medio disposto para súa recolección, así como empregalos para fins distintos dos establecidos nesta ordenanza.
 - d. Evacuar directamente residuos sólidos ou líquidos na rede de saneamento.
 - e. Extraer, rebuscar ou retirar residuos unha vez postos a disposición dos servizos municipais na forma establecida nesta ordenanza.
2. Os posuidores de animais domésticos, con excepción das persoas invidentes que sexan titulares de cans guía, deberán recoller as deposicións da vía pública e dos espazos públicos e depositalas nos contedores ou mecanismos dispostos para tal fin.

Artigo 8. Axentes autorizados para a recollida de residuos

Unicamente está facultado para realizar a recollida de residuos urbanos o servizo ou os servizos autorizados polo Concello, exceptuando o caso daqueles residuos amparados nun Sistema Colectivo de Responsabilidade Ampliada do Produtor (en adiante SCRAP). Polo tanto, prohibese que calquera outra persoa, física ou xurídica, realice operacións de recollida de residuos no termo municipal.

Artigo 9. Financiamento dos servizos de recollida e tratamento de residuos

O financiamento dos servizos municipais previstos nesta ordenanza establecerase na correspondente ordenanza fiscal.

TÍTULO II. SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA

Artigo 10. Actuacións incluídas no servizo de recollida

O servizo de recollida comprende as seguintes actuacións:

- a. No seu caso, traslado dos residuos aos vehículos ou medios de recollida, nos contedores de residuos ou sistema equivalente establecido.
- b. Baleirado e devolución dos contedores, cubos ou sistemas equivalentes aos seus puntos orixinais.
- c. Transporte e descarga dos residuos nas instalacións de xestión adecuadas.
- d. Retirada dos restos vertidos como consecuencia das anteriores operacións.

- e. Mantemento, lavado e reposición dos contedores e outros mecanismos de recollida e tratamento municipal que se indique, con excepción de aqueles contedores que sexan de uso exclusivo.
- f. Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.

Artigo 11. Modalidades do servizo de recollida

Para os efectos do disposto nesta ordenanza, o servizo de recollida prestarase ao abeiro dalgunha das seguintes modalidades, incluídas as que se leven a cabo a través das entidades de economía social, de acordo co que se estableza respecto de cada unha das fraccións de residuos:

- a. Recollida ordinaria. O Concello levará a cabo a recollida ordinaria das distintas fraccións de residuos municipais a través dunha ou varias das seguintes modalidades:
 - Porta a porta, entendida como tal o depósito dos residuos en bolsas pechadas, caldeiros ou fardos (no caso de papel cartón), ou recipientes similares, na vía pública, nos lugares indicados polos técnicos do municipio.
 - Contedores para cada fracción de residuos debidamente identificados localizados nas beirarrúas.
 - Outros sistemas que se poidan establecer.
- b. Recollida especial. Esta levaraa a cabo o Concello, unicamente no caso de que a persoa usuaria o solicite de forma expresa ou utilice os medios dispostos para tal acción. Este servizo prestarase para a recollida dos seguintes residuos:
 - Mobles, colchóns e outros útiles.
 - Animais domésticos mortos.
 - Restos vexetais xerados nos labores de xardinería realizados por particulares como sega, poda etc.
 - Outros residuos que expresamente determine o Concello.

A solicitude do servizo de recollida especial dos anteriores residuos deberá facerse telefonicamente ou por calquera das vías de comunicación que habilite o Concello ou o prestador do servizo.

As persoas usuarias deste servizo deberán depositar os residuos no lugar e na forma en que o Concello ou o prestador do servizo determinen, respectando os días, horarios e calquera outra condición que se poida establecer.

Con carácter xeral, o servizo de recollida especial prestarase a domicilio ou puntos próximos, salvo que polas condicións de localizacións, distancia ou accesos se establezan outros medios de recollida.

- c. Recollida mediante o depósito de residuos por parte dos produtores nos puntos limpos, fixos ou móbiles, de acordo co establecido nesta ordenanza.
- d. Recollida a través dos puntos implantados polos SCRAP².
- e. Recollida mediante iniciativas de carácter solidario, a través de entidades de protección social debidamente identificadas e rexistradas, que non supoñan unha competencia ao servizo municipal, previa autorización, coa obriga de informar ao Concello das cantidades xestionadas.

Artigo 12. Información sobre a separación e a recollida de residuos

O Concello fará públicas as condicións de prestación do servizo e, de forma especial, os días e horarios de depósito e recollida das diferentes fraccións de residuos, condicións e puntos de entrega, así como calquera outra consideración que estime conveniente para o correcto uso do servizo.

O anexo XXX desta ordenanza contén unha listaxe ilustrativa dos residuos que deberán separarse nas diferentes categorías de contedores. Esta lista estará a disposición das persoas usuarias, coas actualizacións que se poidan introducir, na páxina web do Concello.

Artigo 13. Sensibilización, educación e información sobre a separación e recollida de residuos

O Concello promoverá a realización de campañas e outros tipos de actuacións dirixidas á sensibilización en materia de compostaxe local e na recollida separada de residuos.

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, o Concello realizará igualmente campañas consonte ás que realicen outras Administracións competentes para concienciar e sensibilizar a cidadanía sobre as consecuencias negativas para o medio do consumo excesivo de bolsas de plástico dun só uso e outros produtos plásticos, así como os efectos do seu abandono.

Para o desenvolvemento das actuacións anteriores, o Concello poderá, entre outras medidas, asinar convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos ou privados tales como universidades, organizacións sen ánimo de lucro que teñan por obxecto a protección ambiental, SCRAP e asociacións empresariais, ou prestar este servizo a través da empresa concesionario do servizo de recollida.

² Trátase de recollida nos puntos desenvolvidos por iniciativas dos SCRAP (como por exemplo as recollidas de RAEE e pilas nos centros de distribución).

O Concello, co obxecto de promover a compostaxe local e a mellora da recollida separada de residuos, informará nas campañas e actuacións de sensibilización e información, e a través da súa páxina web, do tratamento final que se lles dá a cada unha das fraccións de residuos recollidas.

Artigo 14. Contedores, medios e instalacións

Para a prestación do servizo, o Concello, en función do sistema de recollida de cada fracción de residuos, achegará os contedores, medios e instalacións que resulten necesarios en cada caso e se fará cargo do seu mantemento, lavado e reposición. Os contedores e medios de recollida irán debidamente identificados mediante a súa cor diferenciada e co rótulo descritivo correspondente.

Sen prexuízo do indicado no apartado anterior:

- a. En función do sistema de recollida, os produtores de residuos poderán, excepcionalmente, solicitar ao Concello un contedor para uso exclusivo. Estes contedores disporanse nunha localización definida e se recollerán coa frecuencia que os técnicos do Concello definan.
- b. O Concello poderá obrigar á adquisición dun contedor de uso exclusivo ás comunidades veciñais ou titulares de vivendas unifamiliares que se encontren en zonas en que, por decisión municipal, non se instalen contedores de uso colectivos.

En ambos os casos (a. e b.), corresponderá á persoa usuaria ou comunidades veciñais o mantemento, lavado e reposición do contedor.

No caso das actividades comerciais acollidas ao servizo municipal, o Concello poderá obrigar, en función do volume de residuos xerados de cada fracción, á adquisición e utilización de contedores específicos compatibles co servizo de recollida.

En calquera dos supostos anteriores, o Concello determinará os puntos de recollida, atendendo a criterios de eficiencia, económicos, organizativos, de proximidade e accesibilidade para as persoas usuarias dos residuos e de saúde e seguridade pública.

Artigo 15. Regras específicas para os residuos xerados como consecuencia das actividades económicas

De acordo co artigo 4, os produtores de residuos de competencia municipal que sexan xerados como consecuencia do exercicio de **actividades económicas**, incluídos os residuos sanitarios de competencia municipal, deberán xestionarse dalgunha das formas seguintes:

- a. Poderán ser obxecto da recollida ordinaria, se así o establece a ordenanza, os residuos domésticos de orixe industrial, comercial e doutros servizos, ademais dos sanitarios asimilables a domésticos. O Concello poderá determinar as condicións baixo as que se prestará o servizo de recollida (incluíndo as cantidades máximas).

- b. Mediante a utilización dalgún método de recollida excepcional previstos nesta ordenanza, en función do tipo de residuos de que se trate e da maneira que indique o Concello.
- c. Mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.

Os centros comerciais de carácter colectivo presentarán ao Concello un plan obrigatorio de separación das distintas fraccións subscrito por todos os locais ou puntos de venda instalados no interior destes recintos.

O centro comercial deberá dispor, no interior do seu local ou punto de venda, os contedores e medios materiais suficientes que garantan a separación e o depósito das distintas fraccións dos residuos.

Os biorresiduos, se non se someten a un tratamento en orixe (compostaxe local), deberán depositarse en bolsas biodegradables e, na medida do posible, en caldeiros aireados ou do xeito que formalice o Concello.

Os produtores de residuos que non sexan de competencia municipal de acordo co artigo 4, deberán xestionalos mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado, absténdose de utilizar os servizos de recollida municipal, sen prexuízo da obriga dos produtores de residuos comerciais non perigosos de cumprir co establecido no artigo 20 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

CAPÍTULO 2. DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE A RECOLLIDA DOS DISTINTOS RESIDUOS

Sección 1ª. Recollida separada dos residuos de competencia municipal mediante contedores e sistemas porta a porta

Artigo 16. Disposicións xerais

As medidas establecidas nesta Sección 1ª aplicaranse a todos os residuos de competencia municipal, tanto se o servizo se presta de maneira obrigatoria como se se realiza de maneira potestativa, de acordo co establecido no artigo 4 desta ordenanza.

O Concello poderá establecer condicións específicas para a recollida destes residuos, incluída a necesidade de que o servizo se preste previa solicitude das persoas usuarias en réxime de recollida especial, regulado no artigo 11.b (Modalidades dos servizo de recollida) desta ordenanza.

Os produtores de residuos de competencia municipal están obrigados a depositar os seus residuos dalgunha das formas contempladas nesta ordenanza. (artigo 11, Modalidades do servizo de recollida).

Artigo 17. Recollida separada dos residuos de envases lixeiros

Con carácter xeral, os residuos de envases lixeiros que teñan a consideración de residuos domésticos, entendéndose como tales os envases de plástico (incluídas as bolsas de plástico dun só uso entregadas nos comercios), de metal (ferrícos ou de aluminio, particularmente latas de conserva e de bebidas) así como os *briks*, deberán depositarse nos contedores localizados nos domicilios das persoas usuarias ou nas proximidades deles, en concreto nos contedores da rúa identificados coa cor amarela.

No caso das botellas, botes, latas e outros recipientes que conteñan restos orgánicos, como restos de alimentos ou outras substancias, deberanse baleirar completamente con carácter previo ao seu depósito, co obxecto de eliminar os restos destas substancias.

Cando este tipo de residuos teñan a consideración de residuos comerciais ou domésticos xerados nas industrias e se dispoña dun sistema de recollida desenvolvido por parte do Concello, os produtores destes residuos deberán depositalos na forma que expresamente determine o Concello, sen prexuízo do que dispoña o artigo 15 (Regras específicas para os residuos xerados como consecuencia das actividades económicas).

Estes residuos poderán depositarse tamén nos contedores ou sistemas equivalentes habilitados para o efecto das recollidas complementarias que poidan desenvolver os SCRAP autorizados de acordo ao Real Decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases y residuos de envases, así como aqueles sistemas que fosen habilitados con motivo de celebracións de eventos públicos.

En caso de que non se cumpran os obxectivos fixados no art. 59 da lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, implantarase un sistema de depósito, devolución e retorno para os envases citados en dito artigo, para o cal:

Os comerciantes e distribuidores de produtos envasados están obrigados a:

- Colaborar na recollida separada de determinados residuos de envases.
- Participar nos SDDR que se establezan para os envases dun só uso e aceptar os residuos de envases ou envases se cumpren as condicións de conservación e limpeza.
- Separar por materiais os residuos de envases na súa posesión e entregalos aos xestores autorizados e á entidade local, *tal como diten as súas ordenanzas*.

Os consumidores deberán devolver aos comerciantes e distribuidores os residuos de envases suxeitos ao SDDR en condicións de conservación adecuada e limpos.

Artigo 18. Recollida separada de residuos de papel e cartón, incluídos os envases destes materiais

Con carácter xeral, os residuos de papel e cartón que teñan a consideración de residuos domésticos (tanto os residuos de envases coma os non envases, como papel prensa) deberán depositarse, o máis encartado posible, nos contedores ou sistemas equivalentes identificados para este fin e dispostos nos domicilios das persoas usuarias ou nas proximidades deles, en concreto no contedor identificado coa cor azul.

Con carácter previo ao seu depósito, deberase eliminar destes residuos todos os restos metálicos ou de plástico, así como o papel e cartón sucio, e depositaranse estes restos nos contedores específicos.

Estes residuos poderán depositarse tamén nos contedores ou sistemas equivalentes habilitados para o efecto das recollidas complementarias que poidan desenvolver os SCRAP autorizados de acordo ao Real Decreto 1055/2022, de 27 de diciembre, de envases y residuos de envases, así como aqueles sistemas que fosen habilitados con motivo de celebracións de eventos públicos.

Cando este tipo de residuos teñan a consideración de residuos comerciais ou domésticos xerados nas industrias e se dispoña dun sistema de recollida desenvolto por parte do Concello, os produtores destes residuos deberán depositalos na forma que expresamente determine o Concello, sen prexuízo do que dispoña o artigo 15 (Reglas específicas para os residuos xerados como consecuencia das actividades económicas).

Artigo 19. Recollida separada de residuos de envases de vidro

Con carácter xeral, os residuos de envases de vidro que teñan a consideración de residuos domésticos deberán depositarse nos contedores ou sistemas equivalentes a tal fin e localizados nos domicilios das persoas usuarias ou na súa proximidade (contedor/iglú identificado coa cor verde).

Previamente ao seu depósito deberanse separar dos envases de vidro as tapas, tapóns, envoltorios e calquera outro elemento que se poida desbotar, depositando tales elementos nos contedores correspondentes. Cando os elementos separados sexan de metal (ferrico ou aluminio) ou ben de plástico, estes depositaranse xunto coa fracción de envases lixeiros, mentres que se son doutro material como cortiza ou téxtil, deberán depositarse xunto coa fracción resto ou cos biorresiduos no caso de que sexan biodegradables.

Os residuos contidos nos diferentes envases deberán baleirarse de forma previa, co obxecto de eliminar os restos de substancias que puideran conter.

Estes residuos poderán depositarse tamén nos contedores ou sistemas equivalentes habilitados para o efecto das recollidas complementarias que poidan desenvolver os SCRAP autorizados de acordo ao Real Decreto 1055/2022, de 27 de diciembre, de envases

y residuos de envases, así como aqueles sistemas que fosen habilitados con motivo de celebracións de eventos públicos.

Cando este tipo de residuos teñan a consideración de residuos comerciais ou domésticos xerados nas industrias e se dispoña dun sistema de recollida desenvolto por parte do Concello, os produtores destes residuos deberán depositalos na forma que expresamente determine o Concello, sen prexuízo do que dispoña o artigo 15 (Regras específicas para os residuos xerados como consecuencia das actividades económicas).

Artigo 20. Recollida separada dos biorresiduos

A partir do día que determine o Concello, os biorresiduos deberán ser separados en orixe e depositarse nos contedores ou sistemas equivalentes localizados nos domicilios das persoas usuarias ou na súa proximidade. Estes residuos deberán depositarse en bolsas compostables.

Ademais, os biorresiduos que se xeren con motivo da celebración de eventos públicos deberán depositarse nos contedores habilitados para o efecto, tal como establece esta ordenanza (art.34, Separación en orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos).

Cando este tipo de residuos teñan a consideración de residuos comerciais ou domésticos xerados nas industrias e se dispoña dun sistema de recollida desenvolto por parte do Concello, os produtores destes residuos deberán depositalos na forma que expresamente determine o Concello sen prexuízo do que dispoña o artigo 15 (Regras específicas para os residuos xerados como consecuencia das actividades económicas).

Os produtores de biorresiduos poderán realizar o tratamento en orixe mediante compostaxe local tal como se establece na sección 4ª.

Artigo 21. Recollida de residuos non incluídos nas fraccións selectivas (fracción resto)

Os residuos que non poidan separarse nalgunha das fraccións anteriores ou que non sexan obxecto dunha recollida especial (sección 2ª), deberán depositarse nos contedores ou sistemas equivalentes da fracción resto.

Estes residuos entregaranse en bolsas impermeables suficientemente resistentes que impidan os derrames.

Sección 2ª. Recollida separada de residuos especiais

Artigo 22. Recollida separada de medicamentos e dos seus envases

Os residuos de medicamentos (caducados, en desuso ou restos de medicamentos), así como os residuos de envases que os contivesen, serán entregados nos puntos de recollida SIGRE localizados nas farmacias ou, no seu defecto, nos puntos limpos fixos ou móbiles.

Artigo 23. Recollida separada dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos deberán depositarse dos seguintes xeitos, de acordo co Real decreto 110/2015 sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos:

- a. Nas instalacións dos distribuidores, de acordo co establecido no artigo 22 do Real decreto.
- b. Nos puntos limpos fixos ou móbiles ou mediante calquera outro medio de recollida separada que aplique o Concello.
- c. Nos puntos de recollida habilitados polos SCRAP.
- d. Nos puntos de recollida habilitados polos xestores de residuos.

Artigo 24. Recollida separada de residuos de pilas e acumuladores

Os residuos de pilas e acumuladores deberán depositarse de forma separada de acordo co Real decreto 106/2008 sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos e posibles modificacións (Real decreto 710/2015):

- a. Nas instalacións dos distribuidores, de acordo co establecido no artigo 10.2 do Real decreto.
- b. Nos puntos limpos fixos ou móbiles ou mediante calquera outro medio de recollida separada que aplique o Concello, de acordo co previsto no artigo 10.4.a) e b) do Real decreto.
- c. Nos puntos de recollida habilitados polos SCRAP, de acordo co previsto no artigo 10.4.c) do Real decreto.
- d. Nos puntos de recollida habitados polos xestores de residuos, de acordo co previsto no artigo 10.4.d) do Real decreto.

Artigo 25. Recollida separada dos aceites de cociña usados

Está prohibido verter aceites de cociña usados na rede de saneamento.

Os aceites de cociña usados, xerados como consecuencia do consumo doméstico, depositaranse en envases de plástico pechados, segundo o volume que determine o Concello, nos contedores identificados para tal fin, ou ben no punto limpo fixo ou móbil, ou entregándoos a xestores autorizados polo Concello.

Os titulares de restaurantes, bares e outros servizos de restauración deberán dispor de contedores adecuados para o almacenamento dos aceites de cociña usados de maneira separada e entregalos a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a súa entrega a un xestor autorizado.

Non obstante, o Concello poderá acordar a incorporación destes residuos ao sistema municipal de recollida mediante algunha das fórmulas previstas na ordenanza e, neste caso, estes residuos deberán entregarse do xeito que estableza o Concello.

Artigo 26. Recollida separada de residuos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparación domiciliaria

Os residuos de construción e demolición procedentes de obras menores e reparación domiciliaria (definidos no artigo 2.d do Real decreto 105/2008 que regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición) deberán depositarse en contedores ou bolsas resistentes e entregalas para o seu correcto tratamento:

- a. No punto limpo fixo.
- b. A un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado; neste caso aplicaranse as seguintes determinacións:
 - Se a recollida se leva a cabo por empresas de distribución de materiais de construción que comercializan sacas co tratamento dos residuos incluído, terán a consideración de axentes a efectos do establecido na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
 - En todo caso, as persoas ou entidade que realicen a recollida deberán contar coa habilitación do Concello (autorización ou comunicación).
- c. A pesar do apartado anterior, os residuos de construción e demolición que conteñan amianto e/ou materiais perigosos nos domicilios particulares deberán entregarse a xestores autorizados de acordo co que estableza a normativa sectorial correspondente.

Artigo 27. Recollida de animais domésticos mortos

Queda prohibido o abandono de animais mortos en calquera espazo da vía pública ou en calquera clase de terreo do termo municipal.

Os animais domésticos mortos, tanto procedentes de particulares como de clínicas veterinarias, deberán xestionarse dalgunha das seguintes formas, sen prexuízo da aplicación, cando proceda, das medidas previstas no Regulamento (CE) núm. 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano :

- a. Mediante a solicitude do servizo especial de recollida, no caso de que o Concello teña establecido este tipo de recollida e salvo que exista unha normativa específica para a súa xestión ou que, polas súas características, grao de descomposición,

epizootia, tamaño ou outras peculiaridades non sexa posible a súa xestión municipal; nestes casos indicaráselle á persoa interesada a forma de xestionalo.

- b. Mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.

Artigo 28. Recollida de residuos voluminosos, de mobles, colchóns e outros útiles de competencia municipal

Os residuos voluminosos, mobles, colchóns e outros útiles en desuso deberán xestionarse dalgunha das seguintes formas, dándolles prioridade aos medios de recollida que fomenten a xestión destes residuos mediante a preparación para a reutilización:

- a. Mediante solicitude do servizo especial de recollida, no caso de que o Concello o teña establecido.
- b. Mediante a súa entrega no punto limpo, fixo ou móbil.
- c. Mediante a súa entrega a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado, incluídas as entidades de economía social carentes de ánimo de lucro.

No caso de que estes residuos non sexan de orixe domiciliaria, o Concello poderá supeditar a recollida á aplicación dalgunha das medidas previstas no artigo 5.2 (Responsabilidade do servizo) desta ordenanza, sen prexuízo do establecido no artigo 15 (Reglas específicas para os residuos xerados como consecuencia das actividades económicas).

Artigo 29. Recollida de residuos vexetais de competencia municipal xerado nas actividades de sega, poda e outras actividades de xardinería

Os residuos vexetais xerados nas actividades de sega, poda e outras actividades de xardinería deberán xestionarse, se así o establece o Concello, dalgunha das formas seguintes:

- a. Mediante solicitude do servizo especial de recollida.
- b. Mediante a súa entrega no punto limpo fixo ou móbil.
- c. Mediante o seu depósito en contedores específicos ou sistemas equivalentes.
- d. Realizando o tratamento dos residuos por si mesmos mediante a compostaxe local (doméstica e comunitaria) e sendo notificado previamente ao Concello de maneira que computen as cantidades de biorresiduos xestionados mediante este método.

As consideracións deste artigo non serán de aplicación respecto aos residuos xerados como consecuencia dos servizos municipais de xardinería, limpeza ou similares.

Artigo 30. Recollida de vehículos abandonados

1. Queda prohibido o abandono de vehículos en calquera dos terreos do termo municipal.
2. Para efectos do establecido nesta ordenanza suporase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo doméstico de acordo co artigo 2.at) da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, nos seguintes casos:
 - a. Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus medios ou falten as placas de matriculación ou sexan ilegais.
 - b. Cando se encontren en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.
 - c. Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fora deixado no depósito municipal tras a súa retirada da vía pública pola autorización competente.
3. As persoas titulares do vehículo que queiran desprenderse del quedan obrigadas a entregalo a un centro autorizado (CAT) para o seu tratamento, ben directamente, ben a través dunha instalación de recepción, segundo o establecido no artigo 5.1. do Real decreto 20/2017 sobre vehículos ao final da súa vida útil.
4. No caso dun vehículo, considerado abandonado, que permite identificar ao seu titular, requiriráselle que, no prazo de 15 días, retire o vehículo coa advertencia de que transcorrido dito prazo se procederá a súa xestión como vehículo abandonado e se lle esixirá o pago dos custos inherentes á recollida, entrega e xestión no CAT, con independencia das sancións que, no seu caso, se puidesen impoñer de acordo con esta ordenanza.
5. No caso de que non se poida identificar o titular dun vehículo, considerado abandonado, tras o procedemento correspondente, procederase á súa recollida e entrega a un CAT para a súa descontaminación e tratamento, sen prexuízo do cumprimento da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Artigo 31. Recollida separada dos residuos téxtiles (roupa, zapatos usados e outros téxtiles do fogar)

Os residuos téxtiles (roupa, zapatos usados e outros téxtiles do fogar) depositaranse nalgún dos seguintes puntos para a súa valorización (incluída a preparación para a reutilización):

- a. No contedor sinalado para tal fin colocado na vía pública e posto polo Concello ou polas empresas privadas que fosen autorizadas por este, sen prexuízo do resto de esixencias requiridas na Lei 22/2011 en relación coa recollida e tratamento de residuos.

- b. Nos puntos limpos fixos ou móbiles, se así o establece o Concello.
- c. Nos locais de entidades públicas ou privadas sempre que foran previamente autorizadas polo Concello para tal recollida, sen prexuízo do resto de esixencias requiridas na Lei 7/2022 en relación coa recollida e tratamento dos residuos.

Artigo 32. Residuos de orixe doméstica con características perigosas

O Concello porá medios adecuados para que a cidadanía poida depositar os residuos de orixe doméstica que teñan características perigosas:

- a. Nos puntos limpos fixos ou móbiles.
- b. Outros medios ou instalacións expresamente habilitadas ou autorizadas polo Concello.

No marco das actuacións de información, sensibilización e educación desenvolvidas de acordo co artigo 12 e 13 desta ordenanza (Información sobre a separación e recollida de residuos e Sensibilización, educación e información sobre separación e recollida de residuos), o Concello facilitaralle información á cidadanía sobre a identificación e as características dos residuos regulados neste artigo, así como o xeito de depositalos nos contedores respectivos e sobre as vantaxes desta recollida separada para minimizar os efectos nocivos que presentan sobre a saúde humana e no medio.

Artigo 33. Residuos comerciais, industriais e doutros servizos asimilables a domésticos

Os residuos asimilables a domésticos producidos nos comercios, servizos e industrias, cando se xeren por encima da cantidade fixada polo Concello, deberán ser entregados a un xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.

Artigo 34. Separación en orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos

Na organización de eventos públicos de carácter puntual será obrigatorio elaborar un plan para prever a xeración de residuos e adecuar a súa correcta xestión durante o evento. Este plan, como mínimo, deberá incluír: número, tipo e localización dos contedores dispostos ou sistemas equivalentes necesarios tendo en conta a cantidade de persoas que se prevexa que vaian asistir e a cantidade de residuos esperables de cada fluxo, tendo en conta as fraccións de recollida separada obrigatorias.

O Concello esixirá esta obriga no outorgamento das licenzas ou permisos ou outros instrumentos de intervención administrativa municipal que resulten esixibles para podérense realizar estes eventos.

Sección 3ª. Puntos limpos fixos e móbiles

Esta sección ten como obxecto regular as actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do punto limpo ou, no seu caso, puntos limpos móbiles, de residuos de competencia municipal. Establécense as condicións xerais de uso e funcionamento deste tipo de instalacións coa finalidade de conseguir un correcto funcionamento como centro de recollida selectiva de residuos municipais e asimilables e almacenamento temporal, para a súa entrega posterior e xestión autorizada mediante o seu aproveitamento ou eliminación.

Todas as persoas usuarias físicas ou xurídicas que depositen residuos nestas instalacións están obrigadas a cumprir o disposto nesta ordenanza así como as disposicións que o Concello desenvolva ao respecto.

Artigo 35. Obxectivos

Os obxectivos principais do punto limpo son:

- a. Aproveitar os materiais contidos nos residuos que son susceptibles de valorización e reducir o volume de residuos a eliminar.
- b. Servirle á cidadanía como centro de depósito voluntario para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario.
- c. Ofrecer unha forma sinxela de desbotar os residuos que polas súas características non poidan ou non deban ser xestionados a través dos sistemas ordinarios de recollida.

Artigo 36. Residuos admisibles nos puntos limpos

Os puntos limpos son lugares de almacenamento temporal nos que poden depositarse os seguintes residuos domésticos ou aqueles que o Concello considere, sempre que foran xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas:

- a. Aceites de cociña usados.
- b. Residuos téxtiles (roupas, calzado usado e outros téxtiles do fogar).
- c. Residuos de pilas e acumuladores, incluídas as baterías de chumbo-cadmio.
- d. Residuos voluminosos como mobles, colchóns e outros útiles.
- e. Residuos de construción e demolición de obras menores e reparación domiciliaria, agás os que conteñan amianto ou sexan radioactivos.
- f. Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, incluídos os residuos de lámpadas e luminarias.
- g. Podas e outros residuos de xardinería.

- h. Radiografías.
- i. Cristais como vasos, pratos, copas, ou procedentes de fiestras e portas.
- j. Residuos de aerosois e sprays.
- k. Residuos de envases a presión.
- l. Residuos de envases contaminados (que contivesen produtos con substancias contaminantes como pinturas, vernices, disolventes, pesticidas, desatascadores etc.).
- m. Residuos de medicamentos e os seus envases , cando o Concello non dispoña dun punto SIGRE.
- n. Residuos de orixe doméstico con características perigosas.
- o. Pneumáticos ao final da súa vida útil xerados por particulares, quedando excluídos os xerados como consecuencia de activades económicas ou empresariais.
- p. Outros residuos que expresamente determine o Concello.

O Concello poderá poñer a disposición da cidadanía un servizo de puntos limpos móbiles nos que se poderán depositar os residuos domésticos que corresponda, coa frecuencia e localización que se determine.

O Concello terá sempre a disposición das persoas usuarias unha lista dos residuos que poderán depositar no punto limpo fixo e, no seu caso, nos puntos móbiles, así como información sobre os horarios e días de funcionamento, volume máximo admitido e forma de depósito.

Artigo 37. Residuos NON admisibles nos puntos limpos

O persoal do punto limpo poderá rexeitar aqueles residuos que pola súa natureza ou volume non poidan ser admitidos segundo esta ordenanza. Con todo, non se poderán depositar os seguintes residuos:

- a. Restos de comida.
- b. Residuos orgánicos domiciliarios.
- c. Residuos hospitalarios e clínicos non asimilables a domésticos.
- d. Residuos de orixe industrial.
- e. Residuos radioactivos.
- f. Residuos sen separar.
- g. Residuos xerados polas actividades mineiras ou extractivas.
- h. Residuos agrícolas ou gandeiros.
- i. Pneumáticos de orixe non particular.

- j. Materias explosivos (produtos pirotécnicos, *airbag*, bombonas de gas, bengalas de salvamento etc.).
- k. Residuos infecciosos.
- l. Vehículos fóra de uso.
- m. Produtos tóxicos e perigosos de orixe non doméstica.
- n. Recipientes voluminosos que contivesen materiais tóxicos ou perigosos.
- o. Animais mortos ou restos de orixe animal regulados polo Regulamento CE 1069/2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano e demais normas específicas.
- p. Outros residuos que expresamente determine o Concello.

Artigo 38. Usuarios dos puntos limpos

As e os usuarios do punto limpo ou puntos limpos móbiles serán todos aqueles vinculados a un inmovible localizado no termo municipal no que dea servizo.

Mediante as normas desenvolvidas nesta ordenanza, o Concello poderá establecer as seguintes determinacións en relación co uso do punto limpo fixo ou móbiles:

- a. Limitar a cantidade máxima de residuos que se poidan depositar nunha soa entrega.
- b. Autorizar o uso por parte de pequenas empresas ou autónomos, con indicacións das condicións e dos residuos concretos e cantidades máximas autorizadas a depositar.
- c. Esixir acreditación documental, mediante calquera medio admitido en Dereito, de que os residuos para depositar proceden de orixe domiciliaria.
- d. Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial; estes deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados.

Artigo 39. Cantidades máximas admisibles de residuos (orientativo)

O depósito de materiais terá as seguintes limitacións por usuario e día:

Tipo de residuo	Cantidade máxima por persoa e día
Papel e cartón	20 kg
Envases lixeiros	30 unidades
Metais	50 kg
Vidro e cristais varios	30 unidades
Terra e escombros	25 kg
Madeiras	60 kg ou un moble
Electrodomésticos	2 unidades
Fluorescentes	10 unidades
Pneumáticos....Outros	2 unidades

As achegas de residuos deberán ser separadas por fraccións polas persoas usuarias e depositadas nos contedores específicos para cada unha delas.

As entregas deberán ser anotadas polos traballadores do punto limpo no rexistro e contarán coa información seguinte:

- Identificación completa da persoa usuaria mediante a entrega do DNI.
- Matrícula do vehículo, no caso de que entre nas instalacións.
- Data e hora do depósito.
- Tipo de residuos achegados.
- Licenza de obra (no seu caso).
- Licenza de actividade cando os residuos proveñan de establecementos comerciais.
- Acreditación do pagamento dos impostos e taxas municipais.
- No caso dos pneumáticos de reposición procedentes de particulares deberá achegarse a factura de compra dos pneumáticos novos.

Tamén se deberán rexistrar as saídas dos materiais, destino, data, incidencias, facturación, documentación do transportista e xestor do tratamento e calquera outra información que o Concello dispoña.

Artigo 40. Puntos limpos móbiles

Un punto limpo móbil está conformado por un vehículo transportador de residuos domésticos e asimilables que se traslada por diversos puntos do ámbito municipal para lles facilitar ás persoas usuarias a entrega de determinados residuos. O tipo de residuos, a forma e os días de recepción serán fixados polo Concello.

TÍTULO III. REGULACIÓN DO RÉXIME XURÍDICO E XESTIÓN DA COMPOSTAXE LOCAL DOS BIORRESIDUOS

Os biorresiduos deben considerarse como un eixe fundamental dentro dunha estratexia global de xestión de residuos, en particular no marco dos residuos municipais. Se os biorresiduos son separados en orixe e sometidos a tratamento biolóxico, obtense unha emenda orgánica moi valiosa que poderá ser utilizada como compoñente de substratos e para incrementar o contido de materia orgánica dos solos, mellorando a súa fertilidade e rendemento dos cultivos.

Ao mesmo tempo, a xestión diferenciada dos biorresiduos é un dos mecanismos máis efectivos para o cumprimento da Dir. 1999/31/ CE relativa á vertedura de residuos (modificada pola Dir. UE 2018/850), e reducir drasticamente a entrada de material biodegradable nos vertedoiros e así minimizar as emisións de metano asociadas á degradación da materia orgánica en condicións de anaerobiose.

Por outra banda, a presenza desta fracción nos demais fluxos das recollidas separadas comporta unha redución na eficiencia de separación nas plantas de tratamento e unha perda na calidade dos materiais recuperados.

Tendo en conta que se considera unha prioridade a prevención deste tipo de residuos, unha vez producidos requiren ser xestionados adecuadamente e representan unha peza clave para acadar os obxectivos de reciclaxe marcados pola normativa vixente (Dir. 2008/98 de residuos e Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular). Esta importancia non só radica en que o tratamento diferenciado dos biorresiduos incrementa a porcentaxe de reciclaxe senón tamén en que, con carácter xeral, a separación desta fracción aumenta os niveis de aportación e de calidade do resto de recollidas separadas conseguindo así mellores resultados globais de recuperación de materiais.

Sendo o tratamento diferenciado dos biorresiduos un elemento fundamental, a súa implantación e xestión debe adaptarse ás necesidades de cada contexto, tendo en conta a tipoloxía urbanística, a dispersión da poboación, a disposición de terreos públicos, composición e cantidade de residuos producidos etc.

A compostaxe local evita que os biorresiduos se xestionen dentro do sistema de recollida municipal ordinario. Representa un proceso sinxelo que pode ser complementario ao servizo de recollida habitual e permite xestionar os biorresiduos en orixe ou en zonas con marcado carácter rural, podendo ser unha vía adecuada para a xestión total desta fracción.

CAPÍTULO 1. Disposicións xerais

Artigo 41: Obxectivo

O obxectivo deste Capítulo é regular a compostaxe local dos biorresiduos domésticos e asimilables xerados no ámbito territorial do Concello, establecendo o seu réxime, condicións de emprazamento dos puntos de compostaxe así como os dereitos e deberes dos participantes ou persoas usuarias. Para formalizar esta regulación teranse en conta os seguintes puntos:

- a. A maior parte dos biorresiduos non requiren ser recollidos mediante o sistema ordinario do servizo municipal, senón que poderán ser tratados en orixe mediante a compostaxe local.
- b. A chegada dos biorresiduos na compostaxe local levarase a cabo polos propios participantes.
- c. As instalacións, mantemento, utilización e seguimento dos espazos onde se leve a cabo o proceso da compostaxe.
- d. A utilización do compost producido en función da súa calidade.

- e. Os dereitos e deberes das persoas usuarias e participantes de xeito **voluntario/obligatorio** no proceso da compostaxe.

Artigo 42: Ámbito de aplicación

Esta regulación vinculará ás persoas físicas e xurídicas participantes dentro de calquera das modalidades da compostaxe local:

- Tipo restrinxido ou individual.
- Tipo aberto ou comunitario.

A normativa será de aplicación nos seguintes ámbitos:

- a. Individual, mediante elementos de compostaxe de pequeno tamaño, denominado compostaxe individual ou doméstica (COIN).
- b. Colectivo, instalado tanto en terreo público como privado, denominado centro de compostaxe comunitaria (CCC).
- c. E nas persoas usuarias ou participantes da compostaxe local.

Artigo 43: Normativa aplicable aos biorresiduos

A estratexia e obxectivos da xestión dos residuos na Unión Europea ten como un dos eixes fundamentais o correcto e eficiente tratamento dos biorresiduos de forma separada para conseguir un bo funcionamento do sistema e acadar as metas definidas no **Paquete de Economía Circular da UE** (aprobado en abril de 2018):

- Para o 2025, aumentar a preparación para a reutilización e o reciclado dos residuos municipais ata o mínimo do 55 % en peso.
- Para o 2030, aumentar a preparación para a reutilización e o reciclado dos residuos municipais ata o mínimo do 60 % en peso.
- Para o 2035, aumentar a preparación para a reutilización e o reciclado dos residuos municipais ata o mínimo do 65 % en peso.
- Reducir a vertedura de residuos municipais ata un 10 % para 2035.
- Pór en marcha a recollida separada e/ou a reciclaxe en orixe (compostaxe local) dos biorresiduos para o 31 de decembro de 2023.

A Directiva marco de residuos 2008/98 (modificada en 2018 pola Dir. 2018/851) incorpora varios elementos clave en relación á compostaxe local:

- Introduce a obriga de separar e reciclar en orixe os biorresiduos como moi tarde a 31 de decembro de 2023.
- Equipárase como opción á recollida separada, en canto a que é obrigatorio xestionar os biorresiduos de xeito separado.
- Considérase a compostaxe local como unha actividade de reciclaxe.

- Os Estados membros deben tomar medidas para promocionar e potenciar a compostaxe individual ou doméstica e comunitaria.
- Deberase asegurar que os procesos de compostaxe acaden un elevado nivel de protección ambiental e fomentar o uso do material producido a partir dos biorresiduos.

A lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, a este respecto establece:

- As entidades locais adoptarán as medidas necesarias para separar e reciclar en orixe os biorresiduos mediante compostaxe doméstico e comunitario, en especial en entidades locais con poboación inferior a 1.000 habitantes.
- Ou ben recoller separadamente os biorresiduos, transportalos e tratalos en instalacións específicas de reciclaxe, debendo priorizar a compostaxe e dixestión anaerobia ou unha combinación de ambas, sen mesturalos o longo do proceso con outros residuos diferentes dos permitidos no Regulamento UE nº 2019/1009 polo que se establecen disposicións relativas a posta a disposición no mercado dos produtos fertilizantes UE...
- A recollida en orixe dos biorresiduos domésticos deberán estar posta en marcha antes do 30 de xuño do 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes; e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto de municipios.
- No caso dos residuos biorresiduos comerciais e residuos industriais tamén están obrigadas a separar en orixe e posterior recollida separada, tanto se son xestionados pola entidade local como por un xestor autorizado, antes do 30 de xuño do 2022.
- O porcentaxe máximo de impropios permitidos será do 20% desde 2022 e do 15% desde o 2027. A superación destes porcentaxe terá carácter de infracción administrativa e será sancionable polas comunidades autónomas.
- Cando as Entidades locais o establezan nas súas ordenanzas, poderán recoller conxuntamente os biorresiduos, os residuos de envases e outros residuos de plástico compostables (Norma UNE 13432:2000 envases e embalaxes).
- Cando os biorresiduos sexan destinados a compostaxe doméstico e comunitario, poderán tratarse conxuntamente cós mesmos envases e outros residuos de plástico compostables sempre que cumpran os estándares europeos ou nacionais de biodegradabilidade a través destes modelos de tratamento.
- Os biorresiduos deberán recollese en bolsas compostables conforme a norma UNE 13432:2000 ou outros estándares europeos ou nacionais.

- Para o compostaxe doméstico e comunitario se determinarán regulamentariamente as condicións nas polas que quedarán exentos de autorización.

Artigo 44: Terminoloxía utilizada

Enténdese por:

1. **Achega:** acción de botar os residuos aos composteiros.
2. **Achega aberta:** cando a acción de botar os residuos ao composteiro resulte totalmente libre, se non conta con ningún tipo de limitación, restrición etc.
3. **Achega restrinxida:** cando a acción de botar os residuos ao composteiro presenta algún tipo de limitación, sexa por limitación do acceso á zona na que está a Área de Compostaxe Local, por limitación de acceso ao propio recinto, por limitación do acceso ao propio composteiro ou por limitacións específicas de apertura dos módulos de achega dos composteiros etc.
4. **Área de compostaxe local (ACL):** conxunto de composteiros, bases soporte, punto de toma de auga, recipiente de recepción de estruturante, remexedores espirais, outras ferramentas varias, termómetros etc. cunha composición e nunha disposición dos elementos diferente segundo o tipo de centro de compostaxe comunitaria.
5. **Composteiro:** dispositivo no que se leva a cabo a compostaxe local en calquera das súas variantes e dos que existe unha gran variedade de tipos, tecnoloxías e tamaños no mercado. No Revitaliza, sen desbotar ningún outro tipo, considéranse especificamente dous tipos xenéricos: sinxelo de fluxo vertical e modular de fluxo horizontal.
6. **Estrutturante:** biorresiduos de orixe vexetal, preferentemente leñosos, para mesturar cos restantes tipos de biorresiduos.
7. **Improprios:** residuos dunha fracción que son incorporados incorrectamente a outra e que normalmente se cuantifican en porcentaxe sobre a masa total. Reciben tamén o nome de “inadecuados”.
8. Toda a terminoloxía relativa á compostaxe local non incluída neste artigo poderá consultarse na Ordenanza Revitaliza (BOPPO núm. 105 do 4 de xuño do 2021).

CAPÍTULO 2. Compostaxe restrinxida ou individual

A compostaxe restrinxida ou individual, denominada doméstica segundo o artigo 6 da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, correspóndese coa xestión dos propios residuos domésticos de carácter orgánico biodegradables producidos nos fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva ou establecementos de venda retalista e que se realizará individualmente para a utilización particular do compost resultante.

Artigo 45. Instalación dos composteiros

Os composteiros individuais serán instalados en todas as vivendas incluídas no servizo de recollida ordinaria de residuos municipais do territorio do Concello que contén con, polo menos, unha pequena parcela da orde de 50 m².

A disposición destes instrumentos será, preferentemente, en contacto coa terra para lles facilitar aos micro e macroorganismos entrar en contacto cos restos orgánicos e permitir a drenaxe da auga sobrante.

Entre o composteiro e a terra recoméndase incorporar unha malla metálica, cunha luz de malla de 1 cm, que impida a entrada de animais indesexables desde o chan cara ao interior.

Deberase procurar colocar o composteiro, na medida do posible, nunha zona onde teña unha menor insolación que evite o requirimento de regos de auga.

Artigo 46. Obrigas das persoas participantes na compostaxe individual

1. O Concello que proporcione composteiros individuais para a veciñanza farao a través dunha cesión en uso destes.
2. As persoas que participen, de xeito voluntario ou imposto, están obrigadas a:
 - a. Instalar o composteiro na vivenda, xa sexa por cesión do Concello ou por adquisición propia.
 - b. Asinar o documento de cesión do seu uso, no caso de proporcionalo o Concello.
 - c. En ningún caso poderá ser modificada a súa localización (cambio de parcela).
 - d. Facer un uso responsable do composteiro individual ou das ferramentas complementarias recibidas e destinalas única e exclusivamente á súa finalidade (tratamento dos seus residuos orgánicos).
 - e. Cumprir as condicións asociadas á cesión en uso do composteiro individual:
 - Separar correctamente os biorresiduos en orixe e incorporalos ao composteiro.
 - Aceptar calquera labor de supervisión destinado á comprobación do emprego dos materiais proporcionados, que será levado a cabo polos responsables designados polo Concello.

- Entregar o composteiro recibido, se for o caso, unha vez finalizada a cesión, ben polo remate do prazo da cesión ou ben polo incumprimento dalgunha das condicións extintivas.
- Coidar, manter e preservar en boas condicións o composteiro como calquera utensilio cedido.

3. O beneficiario ou beneficiaria non cederá a terceiros en ningún caso e por ningún título, nin de forma onerosa nin gratuíta, os materias subministrados polo Concello.

4. As persoas participantes comprométense a utilizar na súas propias parcelas o compost producido.

CAPÍTULO 3. Compostaxe comunitaria

A compostaxe comunitaria corresponde á xestión dos residuos domésticos de carácter orgánico biodegradable producidos nos fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva ou establecementos de venda retalista nunha instalación común creada para o efecto, co fin de obter un recurso para a súa aplicación como fertilizante ou substrato de cultivo (artigo 6 da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia).

Artigo 47. Instalación dos centros de compostaxe comunitaria (CCC)

Os centros de compostaxe deberán ser instalados en puntos de fácil acceso e próximos ás persoas participantes, preferentemente en terreo público e garantindo os seguintes requisitos:

- Terreo preferiblemente chan (pendente máxima aconsellable do 3%), cunha superficie suficiente en función do número de unidades que conformen o CCC.
- Dispoñer de punto de toma de auga.
- Dispoñer de iluminación na proximidade.
- Dispoñer de ferramentas.

As dimensións dos CCC dependerán do número de participantes en función dos estudos levados a cabo polos equipos técnicos do Concello.

Contarán cun receptáculo para conter o material estruturante necesario para o proceso e poderán contar cun caixón para o almacenamento das ferramentas necesarias para xestionar o material.

Artigo 48. Obrigas das persoas participantes na compostaxe comunitaria

As persoas ou produtores de residuos orgánicos que participen no sistema de compostaxe comunitaria proposto polo Concello deberán:

- a. Separar correctamente os biorresiduos en orixe.
- b. Achegar os biorresiduos na unidade do CCC correspondente, do xeito e nas condicións que o Concello estableza.
- c. Tapar os biorresiduos coa mesma cantidade (en volume) de estruturante, que o Concello terá a disposición das persoas usuarias en cada centro.
- d. Comunicar ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de calquera incidencia asociada ao centro de compostaxe.

O Concello poderá acordar que os produtores de residuo orgánico derivado da súa actividade comercial teñan que encargarse do mantemento do centro de compostaxe comunitaria, do xeito e nas condicións que o Concello estableza.

Os residuos orgánicos ou biorresiduos non poderán ser achegados nos centros con bolsas, aínda que estas sexan compostables.

Artigo 49. Obrigas do Concello

O Concello subministrará, montará e xestionará adecuadamente os CCC na forma que dispoñan (directa ou indirectamente).

Realizará actuacións mínimas de mantemento establecidas polo Revitaliza (anexo xxx: Actuacións mínimas de mantemento nos centros de compostaxe comunitaria CCC), comprometéndose a levar a cabo as tarefas que nel se describen e introducir a información na aplicación desenvolvida polo Revitaliza habilitada para tal fin.

TÍTULO IV : RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 50. Responsabilidade

As accións ou omisións que supoñan o incumprimento do establecido nesta ordenanza darán lugar á responsabilidade de natureza administrativa, sen prexuízo do que puidese esixirse en vía civil ou penal.

Aos anteriores efectos, as responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta ordenanza seranlles esixibles aos suxeitos responsables (persoas físicas ou xurídicas), non só polos actos propios, senón tamén polos actos das persoas polas que deban responder e do proceder dos animais dos que fosen titulares.

Cando sexan varios os responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción a responsabilidade esixirase solidariamente.

Cando se trate de obrigacións colectivas, tales como uso, conservación e limpeza de contedores ou recipientes normalizados, a responsabilidade será atribuída á respectiva

entidade á que se lle atribuíu a obriga, como pode ser o caso, entre outras, das comunidades de propietarios e propietarias dun inmovible.

Artigo 51. Vixilancia e inspección

O exercicio das funcións de inspección e vixilancia do cumprimento do disposto nesta ordenanza será levado a cabo por persoal funcionario debidamente recoñecido, terán a consideración de axentes da autoridade e os feitos constatados por eles formalizados en acta gozarán da presunción de certeza a efectos probatorios, sen prexuízo das probas que en defensa dos seus dereitos e intereses poida aportar o interesados.

No caso que fora necesario, as funcións de vixilancia, inspección e control poderán ser levadas a cabo con apoio de entidades colaboradoras debidamente recoñecidas. Este persoal estará obrigado a gardar segredo respecto dos datos e información aos que teña acceso no exercicio das súas funcións.

Entre as funcións destes axentes de residuos, cabe destacar as seguintes:

- Inspeccionar os produtores de residuos domésticos e comerciais, a os efectos de comprobar o cumprimento do establecido nas respectivas ordenanzas e na lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, na Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia e os regulamentos de desenvolvemento nos que sexa da súa competencia.
- Acceder, identificándose previamente e sen necesidade de preaviso, ás instalacións e lugares nos que se desenvolvan as actividades reguladas pola normativa sectorial en materia de residuos vixente en cada momento.
- Realizar cantos exames, controis, toma de mostras e recollida de información, incluída a gravación de imaxes que resulte necesario para po exercicio das labores de vixilancia e inspección encomendadas; así como inspeccionar o contido dos distintos sistemas de recollida de residuos, tales como contedores, bolsas de lixo ou calquera outro instrumento que conteña os residuos.
- Elaborar actas observando os requisitos legais correspondentes nas que se recollan os feitos constatados.

Artigo 52. Deber de colaboración

Os produtores, posuidores, xestores de residuos e os responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto desta ordenanza deberán, de acordo coa normativa aplicable, facilitar e permitirle ao persoal ao que fai referencia o artigo anterior, no exercicio das súas funcións de inspección, o acceso ás citadas instalacións así como prestarlles colaboración e facilitarlles a documentación necesaria para o exercicio dos devanditos labores de inspección.

Artigo 53. Infraccións

Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido nesta ordenanza, así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica, reguladora das materias que se inclúen, sen prexuízo de que os preceptos desta ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa.

Terán carácter de infraccións administrativas, sen prexuízo das que poidan establecer as comunidades autónomas, salvo que as mesmas foran de carácter ou natureza penal.

As infraccións tipificadas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves, de acordo co establecido na lexislación de residuos e na de réxime local.

Artigo 54. Infraccións leves

Consideraranse infraccións leves ente outras:

- a. Depositar os residuos sen separalos por fraccións ou en contedores ou puntos de recollida distintos aos identificados para cada unha delas ou contravindo o disposto nesta ordenanza.
- b. Sacar os contedores á vía pública para a súa recollida polo servizo público en horas e lugares distintos aos establecidos polo Concello.
- c. Incumprir os horarios de depósito e entrega de residuos.
- d. Depositar, en lugares distintos ás papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos, residuos de pequeno volume tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cascas e desperdicios similares.
- e. Utilizar os contedores para fins distintos aos previstos nesta ordenanza.
- f. Incumprir as obrigacións previstas no artigo 6 (Obrigas das persoas usuarias do servizo) desta ordenanza; salvo aquelas que se consideren graves ou moi graves.
- g. Utilizar un contedor de uso exclusivo sen a previa autorización do Concello.
- h. O incumprimento polos produtores e/ou posuidores de residuos comerciais non perigosos do disposto no artigo 15 (Reglas específicas para os residuos xerados como consecuencia das actividades económicas) desta ordenanza, salvo aquelas que se consideren graves ou moi graves.
- i. Non facilitar ao Concello a información sobre os residuos compostados, na compostaxe individual, cando se lle solicite.
- j. Non facer a achega de biorresiduos na compostaxe individual segundo se indica no artigo 46 (Obrigas das persoas participantes na compostaxe individual) desta ordenanza.
- k. Non facer a achega de biorresiduos na compostaxe comunitaria segundo se indica no artigo 48 (Obrigas das persoas participantes na compostaxe comunitaria) desta ordenanza.

- I. A comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos dous artigos seguintes, cando pola súa escasa contía ou entidade, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

Artigo 55. Infraccións graves

Consideraranse infraccións graves, entre outras:

- a. O abandono, incluído o de lixo disperso (“littering”), o vertido e a xestión incontrolada de calquera tipo de residuos non perigosos, sen que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou que se producise un dano ou deterioración grave para o medio ambiente. Inclúense neste suposto a queima de residuos agrarios e silvícolas sempre que non se conte con unha autorización individualizada.
- b. O exercicio de unha actividade descrita na lei sen a preceptiva comunicación ou autorización, ou con ela caducada ou suspendida, así como o incumprimento das obrigas impostas nas autorizacións ou da información incorporada na comunicación, así como a ocultación ou alteración intencionadas de datos aportados para a obtención de autorizacións, permisos ou licencias, ou de datos contidos en comunicacións, sen que se puxera en perigo grave a saúde das persoas ou que se producira un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.
- c. A obstrución da actividade de vixilancia, inspección e control do Concello, así como o incumprimento das obrigas de colaboración previstas no artigo 5 (Responsabilidade do servizo) desta ordenanza (deber de colaboración).
- d. A entrega, venda ou cesión de residuos non perigosos de competencia municipal a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta ordenanza, así como a aceptación dos devanditos residuos en condicións distintas ás previstas.
- e. O incumprimento das obrigas de separación en orixe, no interior dos establecementos, establecidas no artigo 15 desta ordenanza.
- f. O incumprimento das obrigas de separación en orixe dos residuos de envases, papel cartón non envases e biorresiduos, en eventos públicos, establecidas no artigo 34 (Separación en orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos) desta ordenanza.
- g. A mestura de diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou de estes cos que non teñan tal consideración, sempre que como consecuencia de isto non se puxera en perigo grave a saúde das persoas ou se producira un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.
- h. A extracción, rebusca ou recollida dos residuos unha vez postos ao dispor dos servizos municipais na forma establecida nesta ordenanza.
- i. Incumprir as obrigacións previstas no artigo 7 (Abandono de residuos e actuacións non permitidas) desta ordenanza.

- j. Depositar ou espallar compost obtido mediante compostaxe fóra da propiedade da persoa usuaria, sen autorización do Concello.
- k. Manipular contedores ou o seu contido, así como envorcar ou arrincar papeleiras ou outro tipo de contedores ou desprazalos fóra das súas localizacións.
- l. Ceder a un terceiro os materiais subministrados polo Concello (artigo 46.3) ou non devolvelos unha vez rematado o prazo de cesión (artigo 46.2.e).
- m. Danar gravemente os composteiros cedidos polo Concello, así como as instalacións dedicadas á compostaxe comunitaria.
- n. Deteriorar intencionadamente ou non facer un uso axeitado do composteiro cedido polo Concello, así como das instalacións dedicadas á compostaxe comunitaria, sempre que iso non sexa constitutivo de infracción moi grave.
- o. A comisión de dúas ou máis infraccións leves nun ano.
- p. A comisión dalgunha das infraccións sinaladas como moi graves cando pola súa escasa contía ou entidade non mereza esta cualificación de moi grave.

Artigo 56. Infraccións moi graves

Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

- a. Calquera das condutas tipificadas no artigo anterior como graves, cando como consecuencia delas se producise:
 - Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nas infraccións tipificadas na Lei orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.
 - Impedimento do uso do servizo de recollida ou doutro servizo público, por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
 - Impedimento ou grave e relevante obstrución do normal funcionamento do servizo de recollida ou doutro servizo público.
- b. O abandono, incluído o de lixo disperso ("littering"), a vertedura e a xestión incontrolada de residuos perigosos.
- b. A entrega, venda ou cesión de residuos perigosos de competencia municipal a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta ordenanza, así como a aceptación dos devanditos residuos en condicións distintas ás previstas.
- c. Impedir o acceso das persoas designadas polo Concello para levar a cabo labores de supervisión na compostaxe individual, tal e como se indica no artigo 46.2.e.
- d. Instalar zonas de compostaxe comunitaria sen permiso do Concello, ou incumprindo as condicións que este estableza ou que contraveñan as condicións sinaladas nesta ordenanza.

- e. Todas aquelas infraccións que supoñan un perigo grave para a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioración grave para o medio ambiente, ou cando a actividade teña lugar en espazos protexidos.
- f. A comisión de dúas ou máis infraccións graves nun ano.

Artigo 57. Sancións

As infraccións tipificadas nos artigos 54, 55 e 56 darán lugar á imposición das seguintes sancións segundo a Lei 7/2022:

1. No caso de infraccións leves: Sancionárase cunha multa de ata 2.000 euros. Se se trata de residuos perigosos ou solos contaminados esta será de ata 20.000 euros.
2. No caso de infraccións graves:
 - Multa dende 2.001 euros ata 100.000 euros, excepto se se trata de residuos perigosos ou solos contaminados que neste caso a multa será dende 20.001 euros ata 600.000 euros.
 - Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas na Lei 7/2022 por un período de tempo inferior a un ano.
 - Nos supostos de infraccións tipificada nos parágrafos a), b), f), h), k), m), n), ñ), q), z), aa) e ab) do artigo 108.3 da lei 7/2022, revogación da autorización ou suspensión da mesma por un tempo de hasta un ano.
3. No caso de infraccións moi graves:
 - Multa dende 100.001 euros ata 3.500.000 euros, excepto se se trata de residuos perigosos ou solos contaminados, que neste caso a multa será dende 600.001 euros ata 3.500.000 euros.
 - Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas na Lei 7/2022 por un período de tempo non inferior a un ano nin superior a dez.
 - Nos supostos de infraccións tipificadas nos parágrafos a), b), e), f), i) e l) do artigo 108.2, clausura temporal, por un prazo non inferior a un ano nin superior a cinco, ou definitiva, total ou parcial, das instalacións ou apartados, salvagardándose nestes casos os dereitos dos traballadores de acordo có previsto na lexislación laboral.
 - Nos supostos de infracción tipificados nos parágrafos a), b), e), f), g), i), l) e o), do artigo 108.2, revogación da autorización ou suspensión da mesma por un tempo non inferior a un ano nin superior a dez.
4. No caso de abandono, vertedura ou eliminación incontrolada de residuos cuxa recollida e xestión corresponda ás entidades locais de acordo co establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2022, así como no caso de entregalos sen cumprir as condicións establecidas nas ordenanzas das entidades locais, o poder sancionador corresponde ás entidades locais.

5. Cando así estea previsto na lexislación que resulte de aplicación, poderanse substituír todas ou algunha das sancións económicas especificadas nos apartados anteriores por traballos en beneficio da comunidade (como traballos de limpeza de espazos públicos), a asistencia obrigatoria a cursos de formación, a sesións individualizadas ou calquera outra medida alternativa que teña a finalidade de sensibilizar a persoa infractora sobre cales son as normas de conduta no espazo urbano.

Artigo 58. Obrigación de repoñer

Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, a persoa infractora deberá reparar o dano causado repoñendo a situación alterada ao seu estado orixinario, así como a indemnización dos danos e prexuízos causados.

Se a persoa infractora non procedese a reparar o dano causado no prazo sinalado ou persistise na conduta que deu lugar á infracción, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas.

Así mesmo, en caso de incumprimento, dita reposición poderá ser realizada mediante execución subsidiaria polo Concello, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os custos orixinados polas actuacións para realizar serán con cargo ao suxeito responsable da infracción, esixíndolle, no seu caso, a indemnización á que dese lugar por danos e prexuízos causados.

Artigo 59. Multas coercitivas

Nos casos das infraccións tipificadas nos apartados a) e c) do artigo 55 e da infracción moi grave tipificada no artigo 56.a) desta ordenanza, sen prexuízo da sanción que se puidese impoñer, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas conforme ao establecido nos apartados 1 e 2 do artigo 117 da Lei 7/2022.

A contía de cada unha destas multas non poderá superar un terzo da sanción fixada por infracción cometida.

Artigo 60. Prescrición de infraccións e sancións

As infraccións prescribirán conforme aos prazos fixados na normativa vixente sen prexuízo doutra normativa aplicable.

ANEXO 1 : LISTAXE ILUSTRATIVA, NON EXHAUSTIVA, DO QUE DEPOSITAR EN CADA UNHA DAS FRACCIÓNS DE RESIDUOS

Vidro

Residuos de envases de vidro como botes e botellas de vidro de calquera cor, tarros de cosmética e perfumería, frascos ou tarros de conservas etc. Non está permitido os espellos ou vidro planar.

Papel e cartón (non manchado e sen plásticos e metais)

Revistas e periódicos.

Libros, cadernos, libretas, folios, carpetas, cartolinas.

Caixas de cartón como os envases de galletas ou cereais, de material hixiénico, cosmética e perfumes.

Oveiras de cartón.

Envases lixeiros

Latas de conservas de aceiro ou aluminio.

Latas de bebidas de aceiro ou de aluminio.

Envases de aceiro ou aluminio de aseo persoal, tales como cremas de afeitar, desodorizante etc.

Bandexas e envoltorios de aluminio.

Tapas, tapóns, chapas de metal e de plástico.

Briks de leite, batidos, zumes, cremas etc.

Botellas de plástico de auga, aceite, iogur, zumes, leite etc.

Envases de plástico de produtos de hixiene persoal, tales como cremas, xel de baño, pasta de dentes etc.

Botes de plástico de produtos de limpeza doméstica tales como deterxentes, lixivia , suavizantes etc.

Bolsas de plástico.

Bandexas de plástico e filme plástico de envasado de alimentos.

Residuos sanitarios de competencia municipal

Material de curas non infectado.

Luvas, máscaras e outros desbotables cirúrxicos.

Xeso.

Téxtil funxible.

Roupa desbotable.

Cueiros.

Sondas.

Fracción de biorresiduos

Material orgánico, como residuos vexetais de zonas verdes e xardíns, residuos alimentarios e de cociña procedentes dos fogares como verduras, froitas, carnes, peixes, ovos, comida precociñada sen envase, etc., incluída dentro do concepto de biorresiduos de acordo coa normativa sobre residuos.

Fracción resto (lista non exhaustiva)

Plásticos non envases (artigos de plástico, escobas, cubos etc.).

Artigos de porcelana ou barro rotos, tales como pratos, cuncos e fontes.

Cueiros e téxtiles sanitarios.

Produtos de hixiene feminina (compresas, tampóns etc.).

Outros téxtiles (fregonas, panos de fregar etc.)

Residuos de varreduras.

Cinzas de cheminea.

Metais que non sexan envases (artigos do fogar), xoguetes rotos, pelotas de xogos varios.

Materiais de escritura baleiros ou gastados.

Camas de animais domésticos.

Etc.


ANEXO 2 : ACTUACIÓNS MÍNIMAS DE MANTEMENTO NOS CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA

Achegas e trasfegas nos CCC

Cada UMC levará na tapa un adhesivo indicando a liña á que pertence e o número de dita UMC. Nas UMC de achega (A1 en CCC de 3 UMC, A1 e B1 nos CCC de 6 UMC, A1 e A5 nos CCC de 5 UMC e A1,B1, A5 e B5 nos CCC de 10 UMC), os participantes irán depositando os seus biorresiduos, estendéndoos na medida do posible e tapándoos co estruturante disposto no caixón/saco colocados ao carón dos CCC.

A continuación indícase, para cada tipo de CCC, os movementos do material en proceso:

- CCC de 3 UMC:



Para un CCC de 3 UMC o módulo de achega sería o rotulado como A1.

Unha vez enchido o módulo A1 (en torno ao 80 %), faise unha trasfega ao módulo A2. Queda polo tanto o módulo A1 baleiro, para que os participantes continúen depositando os seus biorresiduos.


Cando o módulo de achega (A1) se encha por segunda vez, obríganos a mover o material que está en A2 para A3, a fin de que o módulo A2 quede baleiro para poder facer unha nova trasfega de A1 a A2.

Cando se encha por terceira vez o módulo de achega (A1), teríamos material en tódalas UMC. Agora teríamos compost maduro no módulo A3, que sacariamos para poder facer unha trasfega de A2 a A3, e unha trasfega de A1 a A2.

Neste momento A1 volvería quedar baleiro para recibir os biorresiduos dos participantes e, a partir de aquí, o CCC traballaría en continuo, é dicir, os períodos entre lotes de compost que se extraen do módulo A3 veñen marcados pola velocidade de enchido do módulo A1.

Dependendo da velocidade de enchido da UMC de achega e da demanda de compost, pódenos interesar facer unha mestura de dous lotes no módulo de maduración (A3)

- CCC de 6 UMC:




Un CCC de 6 UMC está conformado por dúas liñas (A e B) de 3 UMC, cada unha preferentemente como se indica na imaxe adxunta.

Neste caso, cada liña (A ou B) funciona tal e como se describiu para un CCC de 3 UMC.

Como nesta configuración de CCC temos dúas UMC de achega (A1 e B1), o proceso de achega da FORM pola veciñanza vaise alternando en cada unha delas, permitindo así tempos de proceso máis longos. Así, por exemplo, unha vez chea a UMC A1 péchase en achega, e ábrese para achega a UMC B1.

O módulo A1 que temos pechado non se trasfegará á unidade A2 ata que non se encha o módulo B1, procedendo a pechar o módulo B1, e iniciando un novo lote en A1.

- CCC de 5 UMC:




Os CCC con 5 UMC en liña teñen dúas unidades de achega (A1 e A5).

En canto á achega de biorresiduos, o proceso é semellante ao descrito para un CCC de 6 UMC, é dicir, unha vez cheo un módulo de achega (A1) péchase e ábrese o módulo que está no extremo contrario da liña (A5).

Neste tipo de CCC o material en proceso móvese dende os módulos de achega cara ao módulo central (A3) no que remata o proceso de maduración.

Dependendo da cantidade de residuos achegados diariamente pódenos interesar ter dous módulos de achega abertos e ir alternando as achegas en cada un deles. Chegaríamos polo tanto con dous lotes coetáneos ao módulo central A3, que procederíamos a mesturar.

- CCC de 10 UMC:



Os CCC de 10 UMC funcionan de xeito similar a dous CCC de 5 UMC, é dicir, cada liña funciona como un CCC de 5 UMC, pero de forma conxunta danos maior flexibilidade que dous CCC de 5 UMC de forma separada.

Dependendo da cantidade de residuos por día que sexan achegados, podemos optar por ter abertas simultaneamente dúas ou catro UMC de achega, e deixar abertas estas unidades en días alternos, ou de forma rotatoria en cada unha das UMC.

2.2.3. Tarefas mínimas a realizar nos CCC:

A continuación defínese unha relación das tarefas mínimas a realizar en cada un dos CCC.

Débase considerar que as **tarefas mínimas poden verse modificadas ou alteradas polo persoal técnico do Revitaliza en caso de detectar incidencias que obriguen a modificar o protocolo de traballo para a súa emenda.**

Aparte das tarefas específicas relativas ao proceso de compostaxe, os CCC deben manterse nun estado aceptable de limpeza e orde para o seu uso.

En cada CCC deberá asegurarse que exista achega de material estruturante suficiente para que os participantes tapen os seus residuos (idealmente proporción 1:1). Este material será proporcionado polos medios dos concellos onde se atopen as instalacións e o adxudicatario deberá estar en comunicación co seu persoal técnico para indicarlle as necesidades deste material e que en ningún momento quede desprovisto.

– **Unidades de Fase I (achega):**

Estas unidades requirirán dunha supervisión mínima de dúas veces por semana. As tarefas mínimas que se realizarán serán:

- i. Toma de temperatura e nivel de enchido, así como das posibles incidencias; e rexistro de datos na aplicación de Revitaliza.
- ii. Remexido do material en proceso ata unha profundidade aproximada de 40 cm (agás incidencias que obriguen a unha actuación máis intensa) e tapado cunha lixeira capa de material complementario (estruturante).
- iii. Nos casos en que se detecte que o material está excesivamente seco ou húmido, procederase a adecuar a humidade do material en proceso (preferiblemente a adecuación de humidade farase durante a trasfega).
- iv. Cando o módulo de achega se encha (mínimo dun 80 %) pecharase e indicarse na aplicación de Revitaliza 'Fin de achega'. Considérase un requisito mínimo que os módulos de achega non se pechen cun enchido menor ao 80 % da capacidade do módulo, salvo que por cuestións operativas os técnicos do Revitaliza aproben outro nivel.
- v. Nos módulos de achega pechados (en espera da súa trasfega) só se tomarán datos de enchido e temperatura, sen outras actuacións agás incidencias que o requiran.

Esta previsión de supervisión mínima de dúas veces por semana está calculada tendo en conta as necesidades medias dos CCC en funcionamento, sen prexuízo de que o adxudicatario deberá realizar un mantemento máis intensivo no caso de que as necesidades do CCC o requiran, considerando o nivel de participantes e polo tanto o volume das achegas, coa finalidade de que os CCC se atopen sempre en perfectas condicións de mantemento.

– **Unidades de Fase II (hixienización):**

As tarefas mínimas que se realizarán serán:

- i. Xunto coas visitas (marcadas polos módulos de achega) tomarase temperatura e nivel de enchido, así como de posibles incidencias e rexistro de datos na aplicación de Revitaliza.
- ii. A velocidade de enchido do módulo de achega vén determinada polo nivel de degradación do material nesta fase, que determinará os remexidos e regas necesarios. En principio tan só se remexerá cando se considere preciso facelo en función da observación.
- iii. Nos rexistros de trasfegas (fase I a fase II, e fase II a fase III) é obrigado facer unha foto do perfil do material e vinculala ao rexistro.

– **Unidades de Fase III (maduración):**

As tarefas mínimas que se realizarán serán:

- i. Xunto coas visitas (marcadas polos módulos de achega) tomarase temperatura e nivel de enchido, así como de posibles incidencias e rexistro de datos na aplicación de Revitaliza.
- ii. Nesta fase non debería ser preciso realizar remexidos nin regas (agás incidencias) posto que o material xa está en proceso avanzado.
- iii. Ao retirar o material desta fase procederase ao peneirado do compost para o reparto entre as persoas participantes (salvo agás outras indicacións do persoal técnico do Revitaliza).